

**anda!na**

**63**

revista galega de pensamento feminista  
2013 prezo: 10 euros



- 03 **Editorial**
- 04 **Denuncias e comentarios**
- 9 **Das nosas angueiras e das nosas andainas, no 30 aniversario de Andaina celebrado en Oza (Teo)**
- 12 **As mulleres decidimos**
- 14 **Conclusións do IV Encontro de Outras Voces Feministas (Alcalá de Henares, 8 de xuño de 2013)**
- 18 **O planeamento familiar en Galicia, un pioneiro: Xosé Anxo Vidal Pan**  
Nanina Santos Castroviejo
- 21 **Entrevista a María Xesús Díaz Anca, psicóloga do Centro de Orientación Familiar (COF) de Orillamar na Coruña**  
Ana Luísa Bouza Santiago
- 24 **Vacina contra o virus do papiloma humano (VPH): Prevención ou negocio da industria farmacéutica?**  
Carmen Carrazoni Muñoz e Elvira Perpinyá Brull
- 26 **Custodia compartida**  
Ana Luísa Bouza Santiago
- 28 **Defensa de Dominique Bertinotti do proxecto de lei do Matrimonio Homosexual en Francia**  
Laura Gómez Lorenzo
- 32 **Obradoiros do reencontro, para o bo trato**  
Tareixa Ledo Regal
- 34 **Mulleres no Renacemento**  
Ana Souto Villanustre
- 37 **Con letra e música**  
Isabel González Avión
- [LEMBRANZAS] 40 **Carmen, sandadora dos males que a medicina non pode curar**  
Angélica e Patricia Comesaña Comesaña
- [LIBROS] 42 **Las Marías de Santiago de Compostela**  
Nanina Santos Castroviejo

Revista Galega de Pensamento Feminista

Último semestre, 2013

Apdo. 1058 Santiago de Compostela

[www.andainamulleres.org](http://www.andainamulleres.org)

[andaina@andainamulleres.org](mailto:andaina@andainamulleres.org)

Consello de redacción

Nadia Álvarez Fernández

Ana Arellano

Patricia Arias Chachero

Celia Balboa Guerra

Ana Luísa Bouza Santiago

Zélia Garcia

Laura Gómez Lorenzo

M<sup>a</sup> Teresa Gómez Louzao

Pilar Pérez Rey

Saleta de Salvador

Nanina Santos

Iria Vázquez

Estrela Villaverde

Colaboran neste número

Nanina Santos Castroviejo

Ana Luísa Bouza Santiago

Carmen Carrazoni Muñoz

Elvira Perpinyá Brull

Laura Gómez Lorenzo

Tareixa Ledo Regal

Ana Souto Villanustre

Isabel González Avión

Patricia e Angelica Comesaña Comesaña

Deseño gráfico: [uqui.net](http://uqui.net)

Imprime: **Grafisant, S.L.**

D.L.: C-1.146-88

# EDITORIAL

O poder exercido pola maioría das relixións é un poder masculino, que discrimina –cando non despreza ou somete–, ás mulleres. Nas tres relixións monoteístas, o cristianismo, o islam e o xudaísmo, o Deus único é unha figura masculina, un deus creado por homes á súa imaxe e semellanza e non ao revés. Son homes os que están no cumio da xerarquía relixiosa e os que transmiten as directrices espirituais. Nestas relixións, como en case todas, persiste unha idea perversa que disocia natureza e espírito, corpo e alma. Ao dar ao espiritual un valor superior e situar ás mulleres máis preto da natureza, o poder relixioso sempre xustificou os intentos de sometelas, de controlalas.

Controlar, o noso corpo e someter as nosas mentes, negándonos a capacidade de decidir se queremos ou non ser nais e impartindo doutrina desde o púlpito ou desde as aulas, non admitindo máis sexualidade que

a reprodutiva nin máis verdade que a transmitida por eles.

A historia da relixión e das mulleres é unha historia de persecución e sometemento, desde a queima de bruxas ata as lapidacións por adulterio, desde a negación dun dereito tan elemental como decidir sobre o noso corpo, ata negar o acceso á educación ou impoñer vestimentas.

Baixo o amparo dun suposto maxisterio sobre *as almas*, a relixión exerce un poder real sobre os gobernos e sobre a cidadanía. Ao longo da historia e da xeografía este poder resulta máis ou menos evidente e máis ou menos combativo, pero, en todo caso, está sempre a carón das forzas máis conservadoras, establecendo alianzas económicas e políticas benéficas para os seus intereses.

No caso do noso país temos claros exemplos destas alianzas ao longo da historia. Se nos circunscribimos aos últimos tempos, baste recordar o apoio da Igrexa á ditadura franquista

e máis recentemente, os enfrontamentos cos gobernos socialistas.

Durante o último goberno do PSOE, seguiron manténdose moitos dos privilexios da Igrexa, como as exencións de impostos, o mantemento do sistema de subvencións, o feito de que se permita o rexistro a nome da Igrexa de bens de titularidade pública, as e os docentes de relixión nomeados a dedo pola xefatura eclesíastica, pero pagados polo Estado, mesmo as indemnizacións nos casos de despido... Privilexios que agora, curiosamente, este partido denuncia nos medios. Conseguíronse importantes avances sociais como a legalización do matrimonio entre parellas do mesmo sexo, a implantación nas escolas da Educación para a Cidadanía ou unha lei de interrupción do embarazo que contempla a libre decisión da muller durante as primeiras 14 semanas.

A Igrexa católica fixo da loita contra estes avances o gran cabalo de batalla, do que se serviu para convocar



manifestacións contra o Goberno e pedir o voto para os conservadores. Despois do triunfo do PP, a xerarquía eclesiástica sentiuse con máis forza que antes para esixir cambios legislativos. Eliminada xa do programa educativo a materia de Educación para a Cidadanía e deixando en segundo plano a súa loita contra o matrimonio entre parellas do mesmo sexo, tras ser este admitido polo Tribunal Constitucional, aínda lle queda o seu grande envite contra as mulleres: a lei do aborto.

As modificacións que se propoñen desde o Goberno na lexislación do aborto supoñen un retroceso que vai máis alá da primeira lei de 1985. O aborto volvería a ser considerado un delito grave cando se realice fóra de determinados supostos, entre os que, polo de agora, só se contempla o grave risco para a saúde da muller, mesmo as malformacións do feto poden quedar fóra destes supostos despenalizadores. E xa advertiu o señor ministro que o risco para a saúde física ou psíquica da muller haberá que acreditalo para que non sexa un mero «pretexto».

Aínda que Igrexa e Goberno non coinciden de todo neste tema –para a Igrexa o aborto non sería admisible en ningún caso–, de aprobarse a modificación, a Igrexa non sería belixerante, como non o foi durante o goberno de Aznar –coa lei vixente neses anos– e podería xustificar mellor o seu apoio ao PP durante a campaña electoral nestes momentos nos que na sociedade medra o enfado contra este partido pola corrupción e a desastrosa xestión da crise económica.

Onde si coinciden Igrexa e Goberno é nunha idea de muller na que se valora por riba de calquera outro o papel de nai e esposa, de coidadora do entorno doméstico. Se desde a Igrexa se promoven campañas a favor da *familia tradicional* e en contra

do dereito ao aborto, convocando manifestacións ou enchendo as redes sociais con fotos de embrións, o ministro de Xustiza non ten reparo en afirmar que é a maternidade o que nos fai «mulleres de verdade» ou que hai unha «violencia estrutural» contra as mulleres embarazadas. O mesmo sucede co ministro do Interior, cando manifesta que o matrimonio entre persoas do mesmo sexo non debe ter a mesma protección dos poderes públicos que o matrimonio «natural», porque non garante a pervivencia da especie.

Cando a relixión se entremete no poder político, a historia nos demostra que as mulleres sempre saímos perdendo. Coa modificación da lei de interrupción do embarazo que pretende o Goberno os abortos non diminuirán, pero causarán un maior sufrimento ás mulleres que o precisen.

Se vivimos no marco dun Estado aconfesional, non deberíamos deixar que a doutrina da Igrexa condicione os dereitos de toda a cidadanía, nin tampouco, dito sexa de paso, que o Estado lle conceda tantos privilexios. Nunha situación de crise como a actual, na que o Goberno fai recortes nas pensións, escolas e hospitais, aumenta taxas e impostos e recorta ademais as axudas as persoas dependentes, non se pode admitir que subvencione á Igrexa católica con máis de once mil millóns de euros anuais, que a exima da maioría dos impostos (IBI, obras, sociedades...) e permita que a inmensa maioría dos bens e contas que ten baixo o seu poder sexan totalmente opacas. ■



Galizacontrainfo

### A muller traballa 82 días máis

ao ano para cobrar igual que o home. Esa é a distancia salarial –e case que sideral– entre ambos sexos, segundo un informe presentado pola UGT a finais de febreiro de 2013. Esta brecha salarial dáse, sobre todo, no sector privado, 28,25 % fronte ao 12,34 % no público. Os elementos decisivos nas diferenzas salariais son dous: os complementos salariais e as pagas extraordinarias. Os complementos salariais teñen que ver coa dispoñibilidade para a empresa dos varóns, en tanto as mulleres teñen na vida familiar e doméstica unha dedicación importante.

O maior peso da discriminación salarial dáse nas horas extras (56,25 % de diferenza), complementos de nocturnidade ou de fin de semana (34,45 %) e as pagas extraordinarias (39,93 %). ■



## Ponferrada, que gran lugar!

NSC

Este 8 de marzo, de 2013 mentres celebrabamos o feminismo e a súa loita, no Concello de Ponferrada votaban unha moción para eliminar ao PP da alcaldía. A moción estaba asinada polo PSOE, con Samuel Folgueral para novo alcalde, e por Independentes Agrupados de Ponferrada (IAP), o partido de Ismael Álvarez, Ismael, lembrades?, o acosador de Nevenka Fernández, a concelleira de Facenda que o 26 de marzo de 2001 interpuxo unha denuncia contra el e deixou o seu cargo. Unha denuncia que prosperou e gañou. Primeiro, en abril de 2002, no Tribunal Superior de Castela e León que tivo que relevar ao fiscal García Ancos por acoso á denunciante e que obrigou a dimitir a Ismael Álvarez. E despois, en novembro de 2003, cando foi ratificada polo Tribunal Supremo de Xustiza de Castela e León.

Este acosador que recibiu o apoio público de Ana Botella en 2002, quen se permitiu cualificar a actitude de Ismael de «impecable», xunto a todo o PP, con todos os seus alcaldes pedáneos e miles de veciños de Ponferrada que acudiron á manifesta-



ción de apoio e desagravio a Ismael Álvarez, que foi tratado como un heroe. Entre os milleiros de persoas asistentes, contábase xente tal como Amancio Prada.

Agora, dez ou doce anos despois, o acosador recibe o espaldarazo, tamén do PSOE. En febreiro de 2004, Juan José Millás publicaba un libro titulado *Hay algo que no es como me dicen: El caso de Nevenka Fernández contra la realidad* (Madrid, Aguilar). Un volume valiosísimo para entender o caso Nevenka, pero máis aínda para entender o acoso, ese proceso sutil, insidioso e indicible.

Merqueino entón e lino nun santiamén, fascinada como estaba por aquel episodio de Ponferrada. Regresei a el para comentalo no número 152, da revista *Página Abierta* en novembro de 2004, porque «pensei na valentía de Nevenka, no seu sufrimento e sentín moito agradecemento cara esta nena pija».

En marzo de 2013, Millás escribiu para *El País* unha columna intitulada «Acosadores e idiotas» volvendo a Ponferra-

da..., unha sociedade completamente enferma. Columna que comeza así: «Este expediente se resuelve con dos palabras: da asco». E eu subscribo, un noxo. ■

## Voto de castidade, voto de pobreza, voto de humildade, de...

Seica son sinais de identidade da Igrexa católica. Convén que nos quedemos cun dato: a Igrexa inscribiu 4500 propiedades sen publicidade e sen pagar impostos. A partires da reforma da lei Hipotecaria en 1998, no goberno de Aznar, a Igrexa e só ela, puido inscribir lugares de culto e outras propiedades que non estivesen rexistradas.

Neste proceso, cunha certificación do bispo que toque, sen publicidade e sen pagar transmisión patrimonial, fanse e rexistran propiedades a esgalla. Baseáronse entre outras cousas na lei Hipotecaria de 1944, que equipara ao bispo cun fedatario público (un notario).

Así as cousas, nada menos que 4500 propiedades «inmatriculadas» son agora propiedade da Igrexa católica. Entre elas, a mezquita de Córdoba. Toma pobreza e humildade e outras cantas cousas! ■

## Rusia prohíbe que se informe aos menores sobre homosexualidade

A que está ben? Nunha Cámara de 450 deputados, unha ampla maioría, 436, votou a favor dunha lei que pode sancionar a calquera que dea información sobre «relacións sexuais non tradicionais» a menores. «Deputados, protexede ao pobo dos dexenerados», rezaba unha das pancartas que estaban diante da Duma. A redacción aprobada é peor que a primeira. Elena Mizúlina, xefa do Comité de Cuestións de Familia, Mulleres e Nenos da Duma –reparade no interesante nome do artefacto–, pensou que era mellor que non aparecese a palabra homosexualidade para non lle facer propaganda.

Por certo, de quen eran eses 14 votos?

Duns dexenerados? ■

# denuncias e comentarios

## O legado fotográfico de Vivian Maier

En 2007, nunha subhasta modesta, John Maloof un rapaz de 20 anos, mercou por 300 euros, 100.000 negativos dun arquivo descoñecido para un traballo sobre o seu barrio. Non lle valeu para o que pretendía, pero logo dalgunhas idas e vindas, resultou ser o imponente arquivo dunha neneira, Vivian Maier, que morrera en 2009 aos 83 anos. Esta muller nunca revelara os seus negativos nin as súas películas. A modestia da súa existencia non lle permitiu tal. Son 100.000 instantáneas tomadas na rúa, nos anos cincuenta e sesenta, cargadas de modernidade e talento. Xa se poden encontrar exposicións destes materiais e aínda que xa se saben máis cousas desta fotógrafa, segue atraendo as curiosidades.

Vivian Maier confirma máis unha vez a cantidade de talento agachado e descoñecido entre persoas que tam pouco tiveron oportunidades particulares. ■



Vivian Maier, autorretrato. 1959. © 2013 Maloof Collection

## Redes de compra-venta de bebés que operaron – e operan?– en España

No franquismo, na transición e mesmo chegando até os nosos días, redes nas que están implicados médicos, monxas, pais e o departamento de menores da Xunta de Galicia en Lugo. Tamén apañaban mulleres embarazadas en Marrocos e logo colocaban os bebés na Comunidade valenciana, seica un dos destinos favoritos nas adopcións irregulares.

E, naturalmente todas as persoas que participan nestes e destes entramados opóñense ao dereito das mulleres ao aborto. Así tamén a Red Madre, que apoia e financia con cartos públicos a Xunta de Galicia, porque así teñen *mercancía* para as súas adopcións.

Pasmamos cando sabemos destas cousas, pero pasmamos porque nos custa pensar que unha sociedade que comercializa todo e que comercia con todo converta en mercancía igualmente todo. Tamén os bebés, unha das mercadorías máis prezadas. ■




Lara Alcázar, líder de FEMEN en España



**Lara Alcázar, líder do movement FEMEN** en España. Aí está esta moza de Xixón de 21 anos, estudante de Belas Artes en Oviedo, intrépida, resolta, botada para diante e decidida a plantarse en xerras diante do luceiro da alba ou do que se lle poña. O movement FEMEN, nacido en 2008 en Ucraína, quere recuperar a rúa, espazo que o feminismo ten ido perdendo ou deixando. Usan o corpo como elemento de defensa e de ataque. Para moita xente resulta rechamante que este movement use o topless como arma de protesta cando o espido das mulleres úsase para todo e non precisamente como arma feminista. A diferenza é que aquí son as propias mulleres as que deciden cando e como usalo: como arma de loita, como bandeira, como provocación, como reclamo, como transgresión e tamén, como divertimento. Algunhas das súas accións lograron gran repercusión mediática por orixinais, provocativas, inesperadas e valentes. Bastantes delas trouxéronlles problemas legais, detencións, multas, xuízos. ■

O 8 de abril finou Margaret Thatcher e os xornais deste lugar do mundo dedicáronlle portadas, suplementos e páxinas sen taxa. A meirande parte delas laudatorias. Ela, muller de convicións e ambiciosa, pensaba e dixo no ano 1969, cando estaba na oposición como deputada conservadora: «Ningunha muller do meu tempo será primeira ministra ou ministra de Exteriores. De todos xeitos, non me gustaría ser primeira ministra. Tes que dar o 100 % de ti mesma ao traballo». Enganouse, se cadra por desprezo do movemento feminista, que en Inglaterra, USA, Francia, Italia xa petaba, porque non hai dúbida que Margaret T. chegou ao poder, igual que todas as súas conxéneres que acadaron elevadas e elevadísimas representacións na gobernación política ou económica, grazas á loita que o feminismo despregou pola igualdade. Con ese alento, esa señora gobernou pisando pés e calos de mulleres, homes e crianzas das clases modestas e humildes, moitos de cuxos membros a votaban. Podeselle gabar que dirixiu coa batuta do neoliberalismo. Sen contemplacións, caese quen caese, facendo o duro e sucio traballo do FMI e sobre todo dos gurús da escola de Chicago que xa ensaiaran antes en Chile, comezando co golpe de estado de 1973 con Pinochet, amigo persoal da señora. Para que saibamos quen a gaba e o porqué. ■



## Un proceso por lesbianismo no século XVII

Federico Garza Carvajal traballou nun proceso da Inquisición contra dúas mulleres alcumadas Las Cañitas, no século XVII, entre Valladolid e Salamanca. Desde o seu doutoramento en Amsterdam no 2000, Garza investigaba a sodomía masculina e foi en Simancas onde atopou esta xoia. Inés de Santa Cruz, monxa-beata e priora, e Catalina Ledesma amáronse e por iso se viron sometidas a un calvario. Foron detidas e xulgadas por «bujarronas». Nun legaxo do ano 1603 –xa en 1601 tiveran un proceso– dise «Trataba la una a la otra con un artificio de caña en forma de natura de hombre». Un consolador que elas inventarían para a súa sexualidade e o seu pracer e que os inquisidores do seu tempo (formais ou informais) non poderían aguantar. Os consoladores, destes e doutros eran populares, están documentados desde hai 25.000 anos, e polo uso da caña, chamábanlles *as cañitas*. Mirade como as describen: Inés, «con sus manos la abría la natura a la dicha Catalina hasta que derramaba las simientes de su cuerpo en la natura de la otra por lo cual las llamaban Las Cañitas y esto es público y notorio entre las personas que las conocen». Que seguramente eran mironas e miróns e sabían da súa intimidade a intemerala ou eran soplóns ou envexosos. O escribinte segue e di que por iso «Había mucho escándalo y murmuraciones en el barrio».

Federico Garza déixanos todo contado no libro *Las Cañitas* para que leamos e saibamos e haberá que seguir agradecendo estes traballos de investigación que nos falan dos sufrimentos destas mulleres pero fálannos, sobre todo, da súa valentía e testemuñan que isto do lesbianismo non é de onte e que sempre houbo e haberá. ■



# denuncias e comentarios



As primeiras contraentes, Kris Perry e Sandy Stier, litigantes da Proposición 8, abriron definitivamente as portas para os matrimonios do mesmo sexo no estado de California

**Outra vitoria para a causa das liberdades e os dereitos:** o Tribunal Supremo dos Estados Unidos apoiou a igualdade dos matrimonios gais. A sentenza establece que a lei de Defensa do Matrimonio (DOMA), de 1996, viola o dereito a igualdade das cidadás e cidadáns. Kristin Perry, unha das demandantes da lei de California, coñecida como Proposición 8, e Edith Windsor, a persoa que levou ata aquí a súa batalla contra a DOMA, aledáronse de que «agora todas as nenas e nenos de matrimonios gais teñan a mesma dignidade que o resto». Outro dos asinantes da demanda contra a Proposición 8, Paul Katami, lembrou que, pese ao progreso obtido, «a igualdade aínda non é total e é necesario seguir loitando». Con estas sentenzas, xa son 13 os estados nos que colle o matrimonio homosexual. Cando se consume a súa legalización en California, un 30 % das e dos norteamericanos vivirán en territorios amparados por ese dereito. O líder dos republicanos no Congreso, John Boehner, non estaba tan contento. Confía en que «o debate sobre o matrimonio continúe na praza pública e en que os estados definan o matrimonio como a unión entre un home e unha muller». ■



O avogado David Boies (4i), flanqueado por Jeff Zarrillo (2i), Paul Katami (3i), Sandy Stier (3d) e Kris Perry (2d), os catro demandantes no caso contra a prohibición do matrimonio gai en California (Proposición 8) celebran o ditame mentres descenden a escaleira do Tribunal Supremo en Washington. Jonathan Ernst (Reuters)

A coñecida marca BIC vén de sacar ao mercado uns bolígrafos For her, isto é 'Para elas'. O produto en cuestión non se diferencia do BIC Cristal de toda a vida máis que nas súas insulsas cores (presentan o produto en rosa, malva, verde pálido e azul descolorido) e... atención!, estes deben pensar que somos todas un feixe de fatas..., no seu diámetro!, sensiblemente menor que o do modelo coñecido.

Ben é verdade que non é a primeira vez que a citada empresa crea un produto só para nosotras cuxa singularidade non acabamos de entender. Aí quedan esas coitelas rosas para depilármonos, cuxa tonalidade intensa seica simplifica tan aburrida tarefa.

E xa dispostas a indignarnos por campañas comerciais que se dirixen a nós como se todo o rosa e delicado nos interesase, non podemos deixar de citar os pantalóns Boyfriend, ou sexa, os pantalóns 'O teu rapaz'. Unhas prendas anchas e máis ben grandeiras que ofrecen marcas tan coñecidas como Levis Strauss ou Tommy Hilfiger, coa idea de que os usemos como se tivésemos collido prestado os pantalóns do noso mozo. En fin! ■



**Arantza Quiroga**, a presidenta do PP vasco, foi grabada por algúns xornalistas por dicir que todo ese asunto de Bárcenas e da Gürtel lles daba noxo a ela e aos seus compas de Euskadi. Estes mesmos profesionais, esqueceron comentar cousas igualmente interesantes que ela mesma dixo. Con ocasión da súa elección en 2009 como primeira muller que presidía o Parlamento vasco, afirmou: «Yo nunca usaría preservativo». Sábese que abomina do aborto e que cuestiona os matrimonios de gais e lesbianas. Ela di que non pertence xuridicamente o Opus Dei, pero nós sabemos que lle gusta e gústalle moito. ■



# Das nosas angueiras e das nosas andainas, no 30 aniversario de Andaina celebrado en Oza (Teo)

Seguimos celebrando o trixésimo aniversario desta publicación, *Andaina: Revista Galega de Pensamento Feminista*.

Neste tempo pasaron moitas cousas no mundo en que vivimos, na propia revista e, por suposto, en nosoutras, que temos aprendido, gañado experiencia e, como non, fixémonos máis vellas.

Nacemos nunha sociedade, a galega dos anos 1982-1983, que experimentaba un sistema democrático logo de tanta represión e tanto silencio en todas as ordes da vida. Unha represión que alcanzou de xeito fondo á sexualidade, ao amor, ao desexo, ás relacións entre os sexos, ao papel das mulleres na sociedade e en todos e cada un dos lugares nos que estas estaban: no ámbito doméstico, na igrexa ou no espazo público.

Desa lousa esmagadora naceu en moitas de nós o desexo de liberdade e de liberación. E unímonos para loitar, para expresar a nosa rabia e a nosa rebeldía. Para conquistar a metade do ceo, para acadar, ademais do pan, tamén as rosas, ou para ser consideradas, e considerarnos a nós mesmas, seres valiosos e capaces. Tanto ou máis que os nosos conxéneres, os varóns, propie-



tarios duns privilexios outorgados na sociedade patriarcal e sostidos e mantidos no tempo. A eles a quen a valía se lles supón e non teñen que demostrala. Xuntas descubrimos cousas importantes, como tiñamos individualizado unha educación xenérica que nos capacitaba para un tipo de cousas, invalidándonos para outras, facéndonos crer que as nosas eleccións eran froito de decisións individuais e libres. Así, a maternidade, o traballo doméstico, as tarefas de coidados, a nosa subalternidade e esa idea estragadora de que sen homes,

sen un home ao noso lado, non somos apenas nada.

Pelexamos e fomos contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria e máis xusta, na que os horizontes e as escollas das mulleres medraron. Ampliáronse grazas ao cambio de conciencia das propias mulleres, que non querían seguir sendo seres secundarios, menos valiosos ou suxeitos sen dereitos.

Loitamos por facer máis democrática a democracia. Conseguimos leis –como a de igualdade, a dos matrimonios homosexuais elésbicos, a da vio-



lencia de xénero, a lei do aborto...—, e mesmo importantes cambios de hábitos e costumes. A Galicia de hoxe pouco ten que ver, nisto, coa de 1983.

Temos andado estes e outros camiños. Temos padecido inseguridades e canseiras. Temos tido ganas de *tirar a toalla*. Experimentamos unha sociedade que prefire ignorarnos, silenciarnos porque non bailamos a música dos gobernantes. A isto cómpre sumar que non sempre lle gustamos á xente da que nós nos sentíamos máis preto.

Celebramos unha idade considerable para unha publicación periódica que sempre navegou a contracorrente. Unha revista feita por mulleres —tan proclives ao agrafismo—, en galego e feminista. Vaia tres pés no que sentar os nosos reais!

Unha publicación crítica e reflexiva que pulou pola voz das mulleres e pola súa capacidade para dicir. Argumentou e matizou as cuestións que o feminis-

mo se traía entre mans. Denunciou discriminacións, opresión, desigualdade. Incidiu, tamén, na educación xenérica que nos incapacita para explorala e rebelarnos e fomos tamén, capaces de rir de nós mesmas e de exercer a crítica a nosoutas, ás mulleres.

Nosoutas, esa voz reflexiva e crítica, que nacemos sabendo que as mulleres de 1936 perderan os dereitos que gañaran na Segunda República: educación, sexualidade, anticonceptivos, divorcio... e perdéronos polo golpe de Estado que acaudillou Franco, con toda a dereita machista e patriarcal, na que a xerarquía da Igrexa católica xogou un papel desvergoñado e anticristián.


Nosoutas, que nos dicíamos a nós e dicíamos nos debates públicos, nas charlas, nos escritos: os dereitos non son para sempre. Non se conquistan un día e xa está.

Nosoutas, que sabiamos que os dereitos hai que gañalos e sostelos, man-

telos e amplialos. Nosoutas caemos tamén na trampa da acomodación, ao igual que amplos sectores sociais activos.

Houbo uns anos onde cremos vivir no mellor dos mundos posibles e fómonos acomodando. Podiamos botarnos a descansar pois xa loitáramos, xa tiñamos dereitos aínda sendo conscientes de que remanecían discriminacións, desigualdades importantes (a salarial, por exemplo) ou o gravísimo problema da violencia contra as mulleres.

Mentres, a *derechona* na que forman, en primeirísima división, o gran capital financeiro e a Conferencia episcopal con todos os bispos e arcebispos, o Opus Dei e os Legionarios de Cristo, organizacións de fanatismo relixioso sempre teimudas en impor a súa moral particular a toda a sociedade, na que xa gozan de privilexios enormes. Eles, traballando como formiguiñas mentres nós descansabamos, foron gañando



terreo e nós, fómolo perdendo. Eles gañaron forzas mentres nós andabamos ao descoido, confiadas.

E cando dicimos *eles*, non nos referimos aos varóns, ao xénero masculino sen máis. Referímonos a unha porción ínfima de varóns –e de mulleres– que teñen poder-poder: gran capital, capital especulativo e esas organizacións mencionadas de fanáticos católicos.

Eles conspiran, únense, vencen as súas discrepancias en aras do que consideran principal e teiman constantemente en que a sociedade lles serva a eles, aos seus privilexios, aos seus dereitos, ao seu capital e á súa moral hipócrita e farisea. Financiando eleccións e partidos como estamos vendo nas noticias dos últimos meses, predicando en igrexas e escolas financiadas con cartos públicos e forzando cambios de leis a través dos seus tentáculos nos gobernos, aínda que non teñan respaldo bastante da sociedade.

Nosoutras, herdeiras dunha tradición de sectarismo inveterado da esquerda, á que sen dúbida pertencemos, temos dificultades para traballar unidas, para ceder, negociar e mesmo para amansar e embridar os egos. En boa parte das ocasións nestes sectarismos está o preferir sempre *ser cabeza de rato que rabo de gato*. Que as miñas siglas brillen por riba das demais, que eu lidere e emerxa cinco milímetros por riba das outras, que o meu lazo ou a miña alfaia sexan máis lindos que os do lado. Ah, o sectarismo! Ese que criticamos nas seitas e das seitas e os EGOS e as vaidades. A situación non está para moitos bодоques: perdemos dereitos un día e outro, liberdades e protección, educación e sanidade e andamos a pelexar por unha mingalla. Córtannos as ás e os pés para que non camiñemos e non voemos.

Talvez isto forme parte xa das nosas experiencias e poidamos transmitilas.

Se queremos liberdade e liberdades, temos que pelexalas e temos que inculcar isto ás persoas que nos veñen atrás, sexan fillas, fillos, netas, veciñanza nova, escolares, tanto ten. Liberdade, de ser e de ter a maior cantidade de oportunidades e que as nosas vidas sexan vidas boas. Abandonar, esa estraña idea de que como queremos que vivan mellor que nós hai que aforrarlles todo esforzo, toda loita e darlles todo feito, que teñan *todo o que nós non tivemos*. Que gocen do traballado, gañado e conquistado polas súas nais ou avoas ou outras devanceiras.

Os camiños abertos por elas hai que transitalos, anchealos, defendelos, facellos mellores e seguir abrindo máis camiños para nosoutras e para as que nos sigan. Seguro que así as nosas vidas han pagar máis a pena. ■

# As mulleres decidimos

A moi ameazante reforma de Gallardón en cuestión de aborto, mobilizou forzas e afáns para tentar paralizar semellante agresión.

Mobilizou tamén os desexos e as necesidades de unidade, vencendo sectarismos, ideas preconcebidas e sendo quen de xuntar as poucas ou moitas forzas que existían para dar a batalla.

Hai tempo que veñen medrando cabreos diversos polas políticas seguidas na Xunta de Galicia en cuestión de anticoncepción, información sexual, peche de Centros de Orientación Familiar na Coruña, subvencións de 175.000 euros no 2012, a un conxunto de organizacións antiabortistas (Hijas del Divino Cielo de Burela, Religiosas Siervas de la Pasión de Vigo, Betania de Jesús Nazareno na Coruña, Rebaño de María Obra Social Sí a la Vida de Lugo, Asociación Ayuda a la Vida en Vigo ou a Red Madre en Pontevedra, Ourense e A Coruña) e un longo etcétera. Así que había unha situación propicia e os ventos sopraron favorables.

A Plataforma Decidir Fainos Libres levaba algún tempo activándose e ao

acudir ao seu chamado, outras organizacións que non formaban parte dela nin tiñan intención de o facer, pero si de unirse para facer defensa común do aborto, decidiron ampliar a convocatoria e ver que podían facer todas as organizacións asistentes.

Foron xenerosas as persoas e organizacións integrantes desa plataforma e neste ambiente san e cordial, xurdiron iniciativas e propostas.

Na primeira singradura acordouse convocar unha manifestación a nivel nacional para o 16 de xuño, facendo unha campaña de información, denuncia, mobilización e tamén solicitar aos tres grupos parlamentarios que presentasen unha Proposición non de lei que elaboramos nesta nova Plataforma polo Dereito ao Aborto. Outras accións locais quedaron na man das convocantes de cada vila ou cidade e foi así como se desenvolveron moitas iniciativas. Puxémonos en marcha e conseguimos os nosos propósitos.

Os tres grupos parlamentarios: Alternativa Galega de Esquerdas, Bloque Nacionalista Galego e Partido dos So-

cialistas de Galicia, responderon satisfactoriamente ás nosas demandas. Fixeron as xestións pertinentes para levar a efecto esa proposta, finalmente fixada para o mércores 12 de xuño.

Nesa xornada, un grupo de mulleres convidadas a acudir ao debate, encheu a tribuna de cores violetas e malvas. Namentres agardaban o inicio do debate do aborto, puideron observar a mala educación e pésimo traballo dalgúns deputados que non se privaron de falar, ler o xornal... mesmo na Mesa do Parlamento. Ao mesmo tempo, outro grupo de mulleres, máis nutrido e que non tivo que pasar ningún control de seguridade, agardaba fóra con pancartas, chifres e outras manifestacións de apoio ao aborto e de repulsa ás anunciadas reformas de Gallardón.

As tres deputadas que defenderon a nosa proposta, Eva Solla, Carme Adán e Carmen Acuña, dividiron o traballo e fixérono moi ben. As que as escoltabamos sentímonos orgullosas delas.

Cando remataron e logo do bochorro de ter que escoitar «os argumentos» (argumentos?) da deputada Julia Rodrí-





guez, as convidadas encheron de vida e cor o Parlamento facendo visibles pancartas, panos lilas, consignas e unhas tiras a modo de confeti coa lenda: *A liberdade de ser nai pasa pola liberdade de non selo. Aborto libre, a muller decide.* As fitas foron lanzadas desde a tribuna aos deputados do PP, sobre os que nos atopabamos. Desaloxáronos e á saída, unha vez máis, a Policía pediu que nos volvésemos identificar.

O domingo 16 de xuño, ás cinco da tarde, cun tempo desaprachable marcado pola chuvia, o vento e o frío, a manifestación comezou a súa andaina desde a estación do tren de Compostela. Percorreu as rúas até Cervantes para baixar pola Acibebería e logo dividirse e rodear a catedral con pancartas, consignas, teas, pendóns e cabreos. No traxecto, puidemos observar como a Policía Nacional protexía particularmente a sé de *El Correo Gallego* e preguntámonos por que protexe con cartos públicos o local dunha empresa privada á que, por certo, ninguén tiña ningunha intención de prestarlle atención. Protexían tamén a fermosa catedral compostelá onde

bispos, cóngos e curas rasos predicán un día si e outro tamén, en contra das mulleres e das súas liberdades.

A Proposición non de lei e a folia que se difundiu convocando á manifesta-

ción do día 16 de xuño poden lerse na páxina [www.feminismos.eu](http://www.feminismos.eu) e na web de Andaina. ■

#### Integran a Plataforma polo Dereito ao

**Aborto:** Adiante, AGIR, Andaina, ANOVA, Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, Asemblea de Mulheres do Condado, Asociación CDR Virxe do Carme de Camariñas, Asociación Cultural Fuco Buxán, Asociación de Mulleres Dorna, Asociación Enriqueta Otero, Asociación Feminista Busserana, Asociación Finisterrae de Profesionais de Desenvolvemento Local (AFIPRODEL), Asociación Galega de Saúde Sexual (AGASEX), Asociación Líder, AMI, Asociación Nós Mesmas, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega (APAIOGA), Asociación Púrpura, Asociación Teenses pola Igualdade, Asociación Vela luz, BNG, Briga, cc. oo. de Galicia, Comités, Compromiso por Galicia, Conas Ceives, Consello Municipal da Muller de Vigo, COSAL Costa da Morte, CIG, CUT, Espazo Ecosocialista, Esquerda Unida, STEG, Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR), Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao

(FAVEC), Feministas Independentes Galegas (FIGA), Foro Feminista Falando Nós, FPG, Grupo GTB 7 cores, ISCA!, Liga Estudiantil Galega, Marcha Mundial das Mulleres, Médicas do Mundo, Mocidade Nacionalista Galega, Mulleres en Acción do Barbanza, Mulleres Luguesas contra a Violencia de Xénero, Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG), Mulleres Progresistas Alba, Mulleres Progresistas de Poio, nós-up, Observatorio Feminista de Saúde da Coruña, Observatorio da Mariña pola Igualdade, Partido Comunista de Galicia (PCG), Plataforma Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Plataforma sos Sanidade Pública, psdeg-PSOE, Rede de Mulleres Contra os Malos Tratos de Vigo, Rede Feminista Galega, Rede Provincial Pontevedra pola Igualdade, Sindicato Labrego Galego, Sociedade Galega de Sexoloxía, UGT Galicia, Unións Agrarias-UPA Galicia, USTG, Viudas Demócratas de Vigo, Xuventude Comunista de Galiza, Xuventudes Socialistas de Galicia. **Apoian a plataforma:** Deputación de Lugo.



## IV Encuentro Otras Voces feministas

### **Contra la democracia del saldo y la igualdad en liquidación**

8 y 9 de junio, Alcalá de Henares



## Conclusións do IV Encontro de Otras Voces Feministas

(Alcalá de Henares,  
8 de xuño de 2013)

A corrente de opinión Outras Voces Feministas celebrou o seu IV Encontro os días 7 e 8 de xuño. En anteriores encontros, as feministas temos analizado os avances nos dereitos das mulleres, impulsados pola loita feminista e recollidos, en parte, nas reformas lexislativas dos gobernos socialistas; temos criticado, tamén, as lagoas, insuficiencias e erros das políticas institucionais e temos proposto modificacións e novas reformas en diversas materias.

Nesta ocasión, encontrámonos cun panorama moito máis escuro e cun importante desafío: frear a ofensiva do Goberno Rajoy contra os dereitos das mulleres. Co lema *Contra a democracia do saldo e a igualdade en liquidación*, temos analizado as repercusións da política do goberno do PP nos seguintes campos:

- ▶ Dereitos reprodutivos e aborto
- ▶ Educación e a LOMCE (chamada lei Wert)
- ▶ Diversidade sexual e de xénero
- ▶ Reforma laboral e dereitos laborais
- ▶ Recortes no Estado de benestar: dependencia, sanidade, educación, servizos sociais...

#### **Educación e LOMCE**

No que se refire á educación, a política do Goberno supón, por unha parte, a perda de emprego debido aos recortes orzamentarios, o que repercute, indubidablemente, na calidade educativa. Por outra parte, a chamada lei Wert está inspirada nunha ideoloxía fortemente conservadora que afecta de cheo aos dereitos das mulleres e á consecución da igualdade. A devandita lei rexei-

ta a educación en valores, reforza a materia de Relixión e suprime a materia de Educación para a cidadanía e os dereitos humanos, co que se carga dun golpe os esforzos que nestes últimos anos se estaban facendo nas aulas para impulsar a educación na igualdade dos sexos e na non violencia, o respecto á diversidade de orientación afectivo-sexual, e se poñen en perigo os programas de formación afectivo-sexual. Ademais, deséñase un retroceso na coeducación ao potenciar, mediante subvencións a determinados centros concertados, a educación segregada en función do sexo.

OVF considera que a educación ten un papel fundamental na consecución da igualdade entre homes e mulleres e na loita contra a discriminación. Polo tanto, rexeitamos o proxecto de lei orgánica de Mellora da Calidade Educativa, pois, ademais de entrar en contradición con outras leis vixentes, como a lei de Igualdade, non só non contribúe a mellorar a calidade, senón que supón un obstáculo para os obxectivos feministas en pro da igualdade.

Creemos que hai que manter unha *resistencia activa* contra ela. É necesario que todos os sectores implicados na educación reforcen o seu traballo e a súa vinculación para levar a cabo, na práctica educativa cotiá, o obxectivo da coeducación, a igualdade dos sexos e o recoñecemento da diversidade de xénero e de orientación sexual. Neste labor consideramos de vital importancia o papel do profesorado, polo que entendemos que, no canto de recortes, se fomenta a formación continua e propoñemos crear de novo redes de renovación pedagóxica. Así mesmo, valoramos a participación da comunidade educativa na xestión dos centros educativos, participación que na LOMCE queda coutada.

Por último, consideramos que a educación é un pilar fundamental para corrixir as desigualdades sociais de todo tipo e para perseguir un futuro mellor, polo que rexeitamos os recortes de gasto que se están producindo estes anos e reclamamos de toda a sociedade e de

todas as súas organizacións sociais e políticas un compromiso social pola educación. Facemos un chamamento á mobilización de toda a comunidade educativa e de toda a cidadanía ata conseguir que non chegue a aprobarse este proxecto de lei.

### **Diversidade sexual e de xénero**

O Goberno mantén a chamada lei de matrimonio homosexual; sen embargo perigan as adopcións por parte das parellas do mesmo sexo, e non parece que se vaia modificar o proceso de filiación dos fillos habidos fóra de España por maternidade subrogada (aquí prohibida) nin da filiación por parte de parellas lesbianas. Por outra parte, coa desaparición da Educación para a cidadanía e os ataques aos programas de educación sexual, temémonos que aumente a homofobia nos centros escolares.

Os recortes na sanidade pública están afectando ao tratamento da SIDA e á distribución de retrovirais, e a retirada da tarxeta sanitaria aos inmigrantes *sen papeis* deixa a moitas mulleres en situación irregular sen acceso á sanidade pública. Outras das medidas aprobadas, a subida da idade de consentimento na reforma da lei do Menor, non nos parece que sirva para reforzar a loita contra os abusos.

Polo que se refire á transexualidade, os enfoques na sanidade pública seguen baseados en considerala como unha patoloxía; é dicir séguese esixindo o seu diagnóstico como trastorno baseado na aplicación bastante arbitraria da experiencia de vida real como instrumento de diagnóstico. Así mesmo, os recortes en sanidade fan que teña aumentado a lista de espera para as intervencións de cambio de sexo.

En canto á prostitución, fronte á política abolicionista do PSOE –que desde OVF temos criticado e rexeitado–, desde as posicións neoliberais que existen dentro do PP se podería establecer unha regulación que pasa por tolerar a prostitución só en locais pechados, o que implicará maior control das traba-

**É necesario que todos os sectores implicados na educación reforcen o seu traballo e a súa vinculación para levar a cabo, na práctica educativa cotiá, o obxectivo da coeducación, a igualdade dos sexos e o recoñecemento da diversidade de xénero e de orientación sexual**

**Necesitamos un novo modelo de desenvolvemento baseado nunha economía que non teña como punto central o capital e os beneficios, senón a sostibilidade da vida, e no que sexa visible o traballo dos coidados**

lladoras, máis penalización e maior explotación laboral.

Por todo isto, desde OVF esiximos a desaparición das discriminacións legais na filiación por parte de parellas lesbianas e o recoñecemento dos fillos de parellas homosexuais habidos fóra de España por maternidade subrogada.

Unha educación afectivo-sexual no ensino que considere a diversidade sexual e de xénero como un ben e que propague valores de respecto á diversidade. A non consideración da transexualidade como unha enfermidade; rexeitamos os diagnósticos patoloxizantes e esiximos o acceso á sanidade pública para os tratamentos.

Seguimos demandando dereitos para as traballadoras do sexo. Non aceptamos a regularización da prostitución cando non se ten en conta a regulación das relacións laborais cando median terceiros e a defensa da parte máis vulnerable, que son as traballadoras. Reclamamos a derogación das

**Os datos mostran de forma clara que o número de abortos non depende da forma en que este se regule, senón das políticas de educación sexual e da facilidade de acceso aos métodos anticonceptivos, e é preciso constatar o retraso existente no noso país no referente a educación sexual**

normativas municipais que perseguen e acosan ás traballadoras do sexo, criminalizándoas e expoñendoas a unha situación de maior risco.

No que se refire á sanidade pública, pedimos a derogación da prohibición de atender a inmigrantes en situación irregular e reclamamos o acceso na sanidade pública aos retrovirais.

### **Recortes no Estado de benestar. Reforma laboral**

Rexeitamos as políticas de austeridade e de recortes dos servizos públicos, que acentúan as desigualdades e xeran maior pobreza. Igualmente, estamos en contra da reforma laboral, que precarizou o mercado laboral, en especial, para as mulleres traballadoras, ademais, aínda que teña aumentado levemente a taxa de actividade feminina, aumenta tamén a taxa de paro e diminúe a taxa de emprego.

Preocupa especialmente o paro entre as mulleres novas, as que foron expulsadas do mercado laboral ou que non poden acceder polas tarefas de coidado: maternidade ou atención á dependencia dos maiores. É preciso desvelar tamén os efectos do paro na saúde física e mental.

Consideramos imprescindible o labor de denuncia ante a opinión pública dos efectos dos recortes e da reforma laboral; facer visible o impacto da crise e o desemprego. Sen caer na defensa do modelo anterior, cómpre facer ver os retrocesos e como foron desaparecendo algúns logros e avances no noso precario estado de benestar, entre eles, a incipiente corresponsabilidade masculina nas tarefas de coidados, que é preciso seguir animando, a pesar dos retrocesos lexislativos.

Os recortes en dependencia, sanidade, educación, pensións e servizos sociais empobrecen a toda a cidadanía, pero afectan de forma especial ás mulleres. Na medida en que os servizos públicos non cubran as necesidades de coidado da poboación, esas necesidades son asumidas nos fogares e, claro está, fundamentalmente por parte das mulleres.

Sen embargo, o noso obxectivo non é soamente eliminar os recortes e derrogar a reforma laboral, porque a situación anterior tampouco nos gusta, pois trátase dun sistema que non persegue o benestar da maioría, senón o máximo beneficio para uns poucos. Necesitamos un novo modelo de desenvolvemento baseado nunha economía que non teña como punto central o capital e os beneficios, senón a sostibilidade da vida, e no que sexa visible o traballo dos coidados.

É unha función do Estado redistribuír a riqueza e os recursos. Pero, aínda que sexa a Administración a que deba cubrir as necesidades básicas da cidadanía e cubrir os seus coidados mediante servizos públicos, vemos positivas as redes de solidariedade cidadá. E fuximos da caridade e a beneficencia, que non transforman a realidade. Estas redes de activismo e solidariedade que pretenden resistir, combater e incluso cambiar situacións, son formas que serven para dotar de poder á cidadanía. Son actuacións desde o micro para cambiar o macro. Transforman a loita individual en activismo colectivo.

### **Dereitos sexuais e reprodutivos e aborto**

Nin un paso atrás no dereito ao aborto. Rexeitamos as pretensións do PP de volver a unha despenalización parcial do delito de aborto, xa que supón unha grave limitación do dereito á saúde sexual e reprodutiva amparado pola OMS, a ONU e diferentes convenções internacionais, con graves repercusións para as mulleres con embarazos non desexados.

É preciso incidir nos argumentos que nos levan a defender o dereito ao aborto. Á marxe das opinións e formas en que cada sociedade regula o aborto, as mulleres abortan. Non dar resposta a esta realidade constitúe un problema de saúde pública que afecta de forma particular ás mulleres con menos recursos e en situación de maior vulnerabilidade. A súa prohibición e restrición tense mostrado como unha estratexia



fallida á hora de reducir o número de abortos. Os datos mostran de forma clara que o número de abortos non depende da forma en que este se regule, senón das políticas de educación sexual e da facilidade de acceso aos métodos anticonceptivos, e é preciso constatar o retraso existente no noso país no referente á educación sexual, polo que facemos deste asunto unha das nosas reivindicacións centrais. É pertinente a distinción que fai a sentenza do Tribunal Constitucional entre os seres nados, que son SUXEITO de dereitos, e os non nados, como OBXECTO de dereito, non podendo prevalecer de forma absoluta a protección do non nacido sobre o dereito dos nados.

Ante o conflito que se produce entre a decisión das mulleres e a protección da vida en xestación, avogamos por unha protección gradual da vida en xestación en función do seu desenvolvemento, de tal forma que a un maior desenvolvemento corresponda unha maior protección, establecendo como criterio para marcar o límite no mesmo utilizado pola OMS, a viabilidade fetal –24 semanas–, o momento en que o feto, con soporte sanitario, pode ser viable fóra do útero materno. Ata este momento, primaría de forma absoluta a decisión das mulleres. A partir deste prazo e ata o nacemento, aumentaría a protección outorgada á vida en xestación, intervindo *terceiros* (comités clínicos) nesta decisión, e establecendo supostos, como o de risco para a saúde física e psíquica da nai e malformacións fetais graves ou incompatibles coa vida, e se equipararían totalmente como suxeitos de dereitos no momento do nacemento.

En definitiva, OVFI fai súa a defensa de que as nenas e os nenos veñan a este mundo sendo desexados. Por isto, esiximos a despenalización total do aborto e unha regulación que teña como eixo o dereito das mulleres a decidir libremente se desexan ou non ser nais e en que momento das súas vidas; unha regulación que dea resposta á realidade do aborto no noso país. Isto inclúe a

defensa da idade de consentimento aos 16 anos, a mesma esixida para outras intervencións na lei de Autonomía do Paciente, como forma de garantir que as rapazas entre 16 e 18 anos poidan interromper o seu embarazo sen interferencias.

Finalmente, apostamos por unir forzas en defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos con outros feminismos e movementos sociais, co obxecto de impedir o grave retroceso que supón o proxecto do Goberno. ■



Colmenar Viejo 21-3-2009

Ilustración de Carolina de Prada

# O planeamento familiar en Galicia, un pioneiro: Xosé Anxo Vidal Pan

NANINA SANTOS CASTROVIEJO

Sorprenderá a xente moza saber que a anticoncepción estaba prohibida en España até 1978. O artigo 416 do Código penal castigaba a información, a prescrición, a divulgación ou a propaganda de calquera medida ou método anticonceptivo con multa de 5 a 100.000 pts. daquelas e arresto maior.

Así era a cousa, porque o franquismo impuxo a política e a ideoloxía aos seus gobernados, meteuse nas vidas privadas e por suposto tamén en como había ser a sexualidade, o sexo, a reprodución, a familia, etc.

En 1978 legalizouse o uso e divulgación dos anticonceptivos e se modificaron os artigos do Código penal que regulaban a súa penalización. Sen embargo a esterilización non se despenalizou até 1983; o aborto era materia exclusiva do Código penal até que en 1982 o goberno de Felipe González aprobou a posible práctica en tres supostos, que o PP recorreu ante Tribunal Constitucional resolvendo este en 1985.

A pílula anticonceptiva comercializárase en 1964 (Anovial 21) como regulador menstrual.

Para entón a xerarquía eclesiástica e, en sintonía con ela, xinecólogos que ocupaban postos de rango na profesión –entre os que compre citar a Botella Llusía ou no noso entorno a Novo– desenvolveron campañas que vencellaban a pílula ao cancro, ao infarto de miocardio, a malformacións fetais... vaia, para animar a calquera ignorante a usala!

De todos xeitos e como di Martínez Salmean, a muller española estivo por riba da época e plantou cara aos atrancos (falta de información, prohibición, campañas ideolóxicas e científicas). En 1970, as mulleres usuarias da pílula eran 150.000; 500.000 en 1975 e 1.000.000 en 1980 que, no contexto que vimos de describir, facía saber a todas esas xerarquías e morais dominantes que cousas como esta discorrían á marxe *deles* e que eran lexión as mulleres intrépidas, desafiantes e valentes.

A pílula anticonceptiva serviu á liberación sexual. Para as mulleres con prácticas sexuais hetero foi *a bomba*: puxo fin ao temor constante ao embarazo; abriu a posibilidade de disociar sexualidade de maternidade, ademais de garantir métodos eficaces para regular o número de fillos e para que as mulleres poidesen decidir e ter control dos seus corpos.

A loita pola liberdade sexual, pola información sexual e anticonceptiva e polo aborto ocupou desde os inicios ao movemento feminista, a sectores da xinecoloxía (minoritarios) e da saúde pública e con receos a entrar *nestas cuestións* a boa parte de partidos e sindicatos naquel entón. A creación do Centro de Planificación Familiar Federico Rubio en Madrid, na clandestinidade, é unha mostra disto.

Coa anticoncepción legalizada e dada a emerxencia e importancia da tarefa,<sup>1</sup> moitos concellos (elixidos democraticamente) abriron centros de planeamento familiar (o que supuxo unha distribución desigual e pouco homoxénea), así como centros dependentes do Ministerio de Sanidade e Consumo ou centros do INSALUD.

Na Galicia de 1985 existían 11 centros de planeamento familiar teóricos e 9 reais. Deles, 1 municipal –A Coruña–; 8 do INSALUD, Ferrol, Santiago, Lugo, Monforte, Ourense, Ribadavia, Vigo e Pontevedra; e 2 reais (4 teóricos) do Ministerio de Sanidade e Consumo, na Coruña e Vigo.

Estes centros tiñan un volume de xente por centro de 255.628, mentres en Euskadi esta poboación era de 77.965, en Cataluña, 100.959 e en Madrid, 137.849.

<sup>1</sup> A elevadísima taxa de reprodución por mil habitantes na década 1961-1970 era do 10,52 e na seguinte década, 1971-1980, do 10,45. Foi nos últimos anos da década de 1970 cando os nacementos experimentaron una caída sen precedentes, polos milleiros de embarazos non desexados e os abortos clandestinos feitos aquí ou tendo que viaxar ao estranxeiro.

En 1978 constituíuse a Asociación Española de Planificación Familiar.

O I Congreso Nacional de Planificación Familiar tivo lugar en Xixón en 1982. Os temas estrela foron: a legalización de métodos anticonceptivos irreversibles (esterilización); a despenalización do IVE no marco da saúde pública; integrar estes servizos nos programas de atención e asistencia primaria de saúde; superar os aspectos meramente asistenciais e potenciar os aspectos culturais e educativos, en particular, a autonomía das mulleres; promover a participación da poboación na xestión e control dos programas de planeamento familiar e a promoción de investigación, así como a dispensa gratuíta de anticonceptivos.

O II congreso foi na Coruña en abril de 1985. Estivo moi marcado pola cuestión do aborto, polo peche do Centro Los Naranjos de Sevilla, polo caso Pere Enguix, do País Valenciá e pola demanda de máis centros de planificación familiar e mellores dotacións dos existentes para cumprir as tarefas que tiñan que afrontar.

O planeamento familiar xa tiña botado a andar. Pasados trinta e cinco anos segue tendo camiño por recorrer, ten esixencias que demandar, ten unha experiencia e unha historia, ten contribuído a que as mulleres en particular e a poboación en xeral decida con coñecemento e con liberdade se quere ter fillos, cantos quere ter e en que momento facelo. Os profesionais que traballan nestes centros teñen adquirido unha bagaxe importante.

**A.: Nosoutras queremos exporlle a Xosé Anxo Vidal Pan,<sup>2</sup> un pioneiro do planeamento familiar en Galicia, algunhas das nosas preocupacións. Que valoración fas do percorrido do planeamento familiar (PF) desde 1978, ano da legalización da anticoncepción e da creación da Asociación Nacional de Planificación Familiar, até hoxe e cales pensas ti que son os fitos máis importantes?**

X.A.V.: Tras a euforia do remate da ditadura e a ilusión da posta en marcha dos centros públicos de planeamento familiar nos primeiros oitenta, viñeron anos de declive, cando non de morte lenta ou mesmo peche dos servizos, ao compás das transferencias sanitarias e dos avatares da política estatal e autonómica.

Canto aos fitos salientables, logo de tirar do Código penal a prescrición de anticonceptivos no ano 1978, estarían a apertura de centros das organizacións

<sup>2</sup> (A Coruña, 1954), fundador e presidente da Asociación Galega de Educación Sexual e Planeamento Familiar (1986) e da Federación Española de Planificación Familiar (1987), representante español na IPPF (Federación Internacional de PF) 1990-1999 e membro da executiva europea. Como experto da AECID (Ministerio de Asuntos Exteriores) traballou co Ministerio de Saúde do Paraguai (2011) e como cooperante oficial no Departamento de Vilcabamba, no Perú (1995-2000).

feministas e de concellos democráticos, a creación dos CPF provinciais do Ministerio de Sanidade no ano 1981, o inicio da rede dos COF do INSALUD en 1984, a lei de Despenalización Parcial do Aborto en 1985, e a lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, de 2010.

**A.: Boa parte das persoas que opinan, consideran que hoxe temos toda a información sexual e anticonceptiva ao alcance da man. Como o ves ti? E a cuestión de mozas e mozos en relación co uso de anticonceptivos e postcoitais e á prevención de enfermidades de transmisión sexual?**

X.A.V.: Información non é educación. A mera información non modifica as actitudes das persoas e menos aínda da mocidade, como ben sabemos. Non logramos implantar a educación afectivo-sexual nos centros educativos, agás accións voluntarias puntuais, e seguimos con decenios de atraso en comparación cos países desenvolvidos da contorna. Isto fai á xente máis vulnerable ante os mitos e mentiras que interesadamente espallan os que queren controlar a nosa liberdade, que son os que boicotean os plans de estudos, as consultas públicas de planeamento familiar e as leis de igualdade.

A mocidade está maleducada, mal informada e mal atendida no eido da saúde afectivo-sexual. Existe unha baixa percepción dos riscos, expectativas deformadas pola pornografía, desprotección diante dos estereotipos socio-culturais, exposición a normas de conduta machistas... Pero non esquezamos que as persoas adultas van sufrir as mesmas carencias e problemas, ou máis pola educación represiva, só diferentes nas características *etarias*.

**A.: Falando dos embarazos non desexados, en que grupos de risco se producen especialmente? Que papel xogan os COF nisto?**

X.A.V.: Os embarazos non desexados afectan a toda a poboación feminina fértil. Na nosa experiencia hai máis entre os 20 e 30 anos. Algo máis en solteiras, ten que ver coa idade. Ocupación, procedencia ou estudos non son relevantes: fóra mitos con inmigrantes, adolescentes, paradas ou con nivel escolar baixo.

O papel dos COF é fundamental tanto na prevención do risco –acceso directo aos anticonceptivos, formación do persoal de atención primaria do SERGAS–, como na xestión da demanda de IVD ou na actuación preventiva posterior ao aborto. Cómpre destacar as diferenzas existentes entre os COF e os dispositivos de atención primaria das áreas sanitarias do país, unha desigualdade máis a sufrir por mulleres e parellas, nomeadamente no rural. Haivos cousas que non mudan!

**A.: A consellería opina que os COF chegarán a ser innecesarios ao quedar integradas as súas tarefas na atención primaria. Ti cres que é preciso manter os COF como centros especiais? Se é así, dinos por que?**

X.A.V.: A Consellería de Sanidade continúa a política de abandono e desaparición funcional dos COF, pretende suplir as consultas multidisciplinares por simples consultas de anticoncepción en atención primaria co apoio das consultas ordinarias de xinecoloxía para inserir DIUS e implantes hormonais. É absolutamente inviable que nos sobrecargados e *recurtados* servizos de primaria se poidan atender o Programa da Muller a maiores das diferenzas de dotación, asunción de programas de saúde e sensibilidade *ideolóxica* dos centros de saúde.

A idea de atender os exames xinecolóxicos trienais (pola citoloxía) entre primaria e os servizos de xinecoloxía (centros de especialidades) é un camelo, carecendo de tempo e formación, e abocará ás mulleres a pagar por estas prestacións na medicina privada. Onde rara vez son respectados os protocolos internacionais respecto da periodicidade de probas e revisións, tempos de uso dos DIUS, marcas de pímulas, necesidade das vacinas do VPH, etcétera. Sempre primarán os intereses económicos por riba dos científicos e do máis axeitado para as usuarias ou parellas.

A pretensión inicial dos COF era servir de ponte para, mentres se aseguraban as prestacións en saúde afectivo-sexual e reprodutiva, ir formando ao persoal de sanidade e do ensino para que as devanditas prestacións foran asumidas nos dispositivos asistenciais ordinarios; isto é, centros de atención primaria, servizos de xinecoloxía e nos distintos niveis educativos. Lembremos que a educación sexual era tema transversal na LOGSE. O desinterese real das autoridades estatais e nacionais en ambas materias abortou o plan, só aplicado con continuidade en contados casos.

Para cumprir os obxectivos da consellería precisan dos COF, para posibilitar, cando menos, a formación do persoal sanitario. Xa nin pensamos no profesorado.

Para atender á demanda das usuarias, precisan dos COF e que estes funcionen axeitadamente: cómpre un planeamento estratéxico para todo o país, cuns obxectivos claros e factibles.

Cómpre cubrir as vacantes que moitos COF padecen e dotalos con persoal coa formación e compromiso de traballo necesarios, sen obxectoras e obxectores de conciencia nos equipos. Non poden funcionar ben se as e os especialistas de xinecoloxía cambian a diario, se suspenden as consultas decotío, se as e os xines, están sempre de baixa e non son substituídos nunca. Cómpre ter cubertas as prazas de matrona de primaria, con profesionais que garantan todo o Programa da

Muller, dentro dos centros de saúde e coordenadas co COF de referencia.

Cómpre que o Programa da Muller deixe de ser a cincuenta dos programas de saúde, sempre relegado diante doutros máis *médicos* e interesantes para as e os colegas de atención primaria. A saúde das mulleres segue a ser de segunda categoría, na teoría e na práctica: as mulleres seguen sendo cidadás de segunda categoría.

Só coa defensa cotiá dos dereitos acadados –malamente, na maioría dos casos–, por todos os medios ao noso alcance, poderemos parar a *contrarreforma* que nos están a impor desde Madrid ou Santiago de Compostela. Tentando coar ideoloxía por austeridade co gallo da crise, para facermos menos cidadás, con menos dereitos, con menos saúde, sen liberdade, sen igualdade, sen felicidade.

Loitemos! ■



Entrevista a

# MARÍA XESÚS DÍAZ ANCA

**psicóloga do Centro de  
Orientación Familiar  
(COF) de Orillamar,  
na Coruña**

No ano 1984 creouse a rede de centros de planeamento familiar que tiña en proxecto medrar en centros e persoal, dependente daquela da Seguridade Social. Pero desde ese ano perdéronse centros e persoal. En Ferrol había dúas prazas de xinecoloxía e hai unha, en Santiago de Compostela perdeuse o persoal administrativo e a traballadora social, en Pontevedra só hai unha praza de xinecoloxía, ocupada a tempo parcial, como en Monforte de Lemos... En toda Galiza perdéronse recursos e profesionais nos centros

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO

A.: Nos últimos tempos, na Coruña estamos a vivir mobilizacións cidadás ao redor dos centros de orientación familiar. Chus Anca é psicóloga do COF de Orillamar e explícanos a situación que están a vivir.

C.A.: A razón das mobilizacións é que a finais de decembro, o SERGAS informou de que o xinecólogo do outro COF, o do Ventorrillo, xubilábase e non ían cubrir a praza. O que supuña que o centro de Orillamar onde eu traballo, que xa está colapsado, tería que atender a todas as mulleres que precisan revisión e que antes atendía o outro COF, sen ampliar o persoal.

A.: Está a suceder noutros COF galegos ou só nos da Coruña?

C.A.: Desafortunadamente non é unha problemática da Coruña. No ano 1984 creouse a rede de centros de planeamento familiar que tiña en proxecto medrar en centros e persoal, dependente daquela da Seguridade Social. Pero desde ese ano perdéronse centros e persoal. En Ferrol había dúas prazas de xinecoloxía e hai unha, en Santiago de Compostela perdeuse o persoal administrativo e a traballadora social, en Pontevedra só hai unha praza de xinecoloxía, ocupada a tempo parcial, como en Monforte de Lemos... En toda Galiza perdéronse recursos e profesionais dos centros.

**A.: Estás a falar de profesionais non sanitari@s, que funcións ten un COF?**

C.A.: Os COF concíbense como centros especiais, daquela os servizos de saúde eran case que exclusivamente asistenciais. Inspirado na Conferencia de Almata, o Plan de Centros de 1984 que os crea, concibe a atención sanitaria cunha dimensión educativa e comunitaria. Para facer promoción da saúde e prevención dos problemas de saúde, traballan con poboación sa e nacen cunha equipa interdisciplinar mínima: traballo social, psicoloxía..., para atender ademais da esfera da anticoncepción, todos os aspectos da saúde afectivo sexual polo que precisan outro perfil.

**A.: En 2008 aprobouse o Plan de Saúde da Muller que pretendía recoller as boas prácticas en saúde sexual e reprodutiva, estendelas a toda a atención primaria e crear novos servizos. En que situación está agora ese plan? Como afectan os recortes do SERGAS?**

C.A.: O Plan da Muller, durmindo. O anterior goberno fixo o plan e tentou desenvolvelo, pero quedou totalmente parado. Esa idea procede tamén do Plan de Centros de 1984, que foi un fito. Concibido por mulleres do Instituto da Muller e o Ministerio de Sanidade, xa daquela se falaba de formar a profesionais de atención primaria para que, pouco a pouco, fosen dando resposta ás prestacións básicas de planeamento familiar. O COF de Orillamar empezou a formación de persoal de atención primaria no ano 1989. Formamos máis de 270 profesionais: matronas, médicas e médicos de familia, persoal de enfermería... As únicas profesionais de atención primaria que recolleron este espírito e están dando prestacións en materia de planeamento familiar son as matronas. Na actualidade só en dous centros de saúde da Coruña se fan revisións xinecolóxicas básicas por médicas e médicos de primaria. Isto sucede por moitas causas, sobre todo pola falta de tempo para atender a súa cota.

Os recortes máis visibles son os de profesionais, pero non son os únicos, tamén hai recortes en programas. Tiñamos un programa dirixido a xente nova, chamado Tarde Xove, e abrimos todos os xoves pola tarde. Un programa dentro das recomendacións que fan os organismos internacionais, como servizo básico, dirixido a menores de 20 anos. Un espazo exclusivo fóra dos horarios de atención que levan adultas ao centro. En 2009 desmantelaron o programa coa escusa de rematar coas *peonadas*.

Por exemplo, para que unha muller poida acceder a un aborto gratuíto debe acudir a un COF, aténdea a traballadora social pero precisa unha ou dúas sinaturas

de xinecoloxía. Co protocolo actual todas as mulleres da area sanitaria pasan polos COF, e agora todas polo de Orillamar.

**A.: Unha das escusas da consellería cando se lle demanda manter os recursos dos COF é que esa atención se está a dar na atención primaria polas médicas e médicos de familia e que os COF chegarán a ser innecesarios.**

C.A.: Os únicos COF que fixeron formación sistemática de profesionais de atención primaria foron os da Coruña, ultimamente só o de Orillamar, e Ourense. No resto de Galiza non se fixo. É imposible cubrir a atención ás mulleres en planeamento, nin sequera as prestacións básicas. As matronas poden facer citoloxías de control ou consello anticonceptivo. A maioría do persoal facultativo de primaria non pode facer revisións xinecolóxicas.



Chus Díaz Anca

**Por exemplo, para que unha muller poida acceder a un aborto gratuíto debe acudir a un COF, aténdea a traballadora social pero precisa unha ou dúas sinaturas de xinecoloxía**

**A.: Que orientación debería ter o traballo dos COF e que recursos que non ten serían necesarios?**

C.A.: Sería preciso montar máis centros para dar cobertura mínima a toda a poboación. Na área sanitaria da Coruña hai dous centros, os dous na cidade, as mulleres de Cee e Fisterra deben acudir á Coruña para recibir a prestación, máis de cen quilómetros para un servizo básico. Necesitaríanse dous centros máis só nesta área, os centros agora están colapsados, se ademais de dar cobertura a toda a poboación se pretende manter a dimensión educativa e preventiva e de promoción da saúde.

Tamén para a formación, hai que seguir formando a profesionais de atención primaria, claro, sempre que haxa máis persoal. Precísase tamén mellorar os recursos de atención primaria para que poidan asumir as prestacións básicas de planeamento e a problemática específica ser tratada con máis tempo polos COF.


**A.: Resulta rechamante o apoio cidadán que están a ter estas reivindicacións. Parte de profesionais do COF, pero conta con moitos apoios, o pasado 8 de marzo convocou unha importante concentración. Como valorades este apoio?**

C.A.: Valorámolo de maneira moi satisfactoria. Hai unha plataforma de apoio ao COF na que están representados todo o movemento feminista, os principais movementos de profesionais da saúde, o movemento veciñal da Coruña e bisbarra, sindicatos e todos os partidos políticos agás o PP. Máis apoio non poderíamos ter. Como o valoramos? Eu penso que se non chega a ser por este apoio e mobilizacións, o SERGAS xa tería feito máis cousas. Inicialmente pretendía ademais de non cubrir a praza de xinecología, pechar o centro no Ventorrillo, coa excusa de ampliar o centro de especialidades, desprazando ao persoal daquel COF ás nosas instalacións. No noso centro non hai espazo e as instalacións son do concello, o convenio de uso non o permite. Dáse unha situación curiosa, o SERGAS que ten a obriga de dar o servizo básico de saúde, péchao e o concello, que non ten a obriga legal de facelo, manteno aberto. É preciso manter a mobilización para evitar o peche e recuperar esa praza de xinecología. ■



Manifestación contra o peche do Centro de Planeamento Familiar do Ventorrillo (A Coruña)

**Na área sanitaria da Coruña hai dous centros, os dous na cidade. As mulleres de Cee e Fisterra deben acudir á Coruña para recibir a prestación, máis de cen quilómetros para un servizo básico**



**Vacina contra o virus do  
papiloma humano**

**VPH**

**Prevenición ou negocio  
da industria farmacéutica?**



CARMEN CARRAZONI MUÑOZ E  
ELVIRA PERPINYÀ BRULL\*

No ano 2008 o Sistema Nacional de Saúde incorporou o calendario de vacinacións sistémicas, a vacina contra o virus do papiloma humano –VPH–, para nenos en idades comprendidas entre os 9 e os 14 anos.

A vacinación completa consta de tres doses cuxo custo é de 350 euros.

Esta vacina tense presentado como unha prevención contra o cancro invasivo de colo uterino, pero non hai unha evidencia poboacional da redución desta enfermidade, porque non houbo tempo suficiente para comprobar os resultados. Téñase en conta que este tipo de cancro tarda en desenvolverse, alcanzando a súa máxima incidencia entre os 40 e os 50 anos e a vacina aplícase entre os 9 e os 14 anos. Noutras palabras, os beneficios da vacinación non se recollerán antes do período que vai do ano 2030 ao 2035.

Pode permitirse o noso Sistema Nacional de Saúde un investimento anual millonario con toda esta incerteza e uns beneficios só probables a tan longo prazo?

Son oito os virus máis frecuentes de alto risco, os que producen o 90 % do cancro de colo de útero, e a vacina unicamente contén dous tipos de virus (16 e 18), que son potencialmente, cancéríxenos e que en España só están presentes no 55,8 % dos casos de cancro de colo de útero. Isto é, coa vacinación queda moito ao descuberto.

Ademais, deberíaselle explicar á adolescente vacinada que pode contaxiarse dos outros tipos de virus do VPH, dos que non cubre a vacina e que pode desenvolver un cancro de colo de útero.

\* Médica de familia en ABS Via Roma (Barcelona) e enfermeira de familia no CAP Sants (Barcelona) respectivamente.

De momento tamén se descoñece se sería necesaria unha dose de recordo.

E se imos vacinar, por que non vacinar tamén os nenos?

Resulta obvio que non hai un andazo deste cancro en España e, en cambio, é moi grave o aumento continuado de cancro de mama (5703), de colon (5465) e de pulmón (2459). Cifras que contrastan cos 591 casos por cancro de colo uterino, segundo datos do Centro Nacional de Epidemioloxía de 2005. Posiblemente debería ser nestoutros problemas onde se deberían investir máis recursos.

A vacinación podería ter un efecto indesexable ao facer que moitas mulleres pensen que xa non precisan os controis periódicos pertinentes coa citoloxía (test de Papanicolau). É universalmente aceptado que a vacina contra o VPH ten que convivir cos controis xinecolóxicos. A Organización Mundial da Saúde advirte que se as mulleres vacinadas non seguen estas visitas porque cren que están protexidas fronte ao cancro de colo de útero, o número de mortes podería aumentar no canto de diminuír.

No que si está todo o mundo conforme é que no que hai que facer maior énfase, é na educación sexual. Corremos o risco de que unha adolescente que recibiu esta custosa vacina pense que está totalmente protexida fronte ao contaxio de calquera infección de transmisión sexual e baixe a garda á hora de manter relacións.

A escola e as familias deberían educar no comportamento e transmisión de valores, puntualizando o inicio das relacións sexuais e o risco que se corre cos cambios de parella.

O feito de que as adolescentes vacinadas pensen, erroneamente, na vacina como un medio de protección total,

pode levalas a descoidarse no uso do preservativo. O que as pon en perigo de contaxio doutras enfermidades de transmisión sexual como sida, sífilis, gonorreia, etc. Unido isto ao problema de embarazos indesexables e abortos.

España destaca polo seu baixo risco de infección por VPH e a súa baixa incidencia no cancro de colo de útero, fronte a outros países da Comunidade Europea, o que non xustifica un programa de vacinación sistémica de tan alto custo nun país onde a incidencia é tan baixa. As políticas de vacinación deberían adecuarse ás necesidades epidemiolóxicas de cada país.

Conclusión: non se descarta que a vacina poida aportar beneficios, pero conviría ser máis rigorosas e rigorosas á hora de tomar a decisión dun investimento de tantos millóns, usando o diñeiro público nunha medida que é incerta e non plenamente efectiva, habendo xa programas preventivos na detección do cancro de colo de útero, e facer máis fincapé na educación sexual. ■

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

MARTÍNEZ-GONZÁLEZ, M. A. e outros: *Vacuna contra el virus del Papiloma humano*, Pamplona, Departamento de Medicina Preventiva y Salud Pública, Facultad de Medicina-Clinica Universitaria, Universidad de Navarra.

AGENCIA DE SALUT PÚBLICA DE CATALUNYA: *La vacunación contra el virus del papiloma humano*.



Ilustración de Carolina de Prada

# Custodia compartida

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO

As estatísticas sobre divorcios e asignación de custodia son moi recentes e non exhaustivas, os datos non sempre son comparables porque se modifican continuamente os indicadores. Non hai períodos longos de información que permitan analizar a evolución, porén advírtese un cambio que xa se produciu antes noutros países: menos matrimonios e máis divorcios. Segundo datos de 2011 casaron en Galiza 9164 parellas e divorciáronse 5705, mentres que en 1999 casaran 11.947 e divorciáranse 1939. En 2011 adxudicáronse 2444 custodias á nai, 200 ao pai e 252 compartidas. En 2005 asignáronse 2357 á nai, 236 ao pai e 189 compartidas.

Falando do universo contemplado nas estatísticas que non incorporan as parellas non casadas, só en 2011 creáronse en Galiza 2696 familias monoparentais por causa dun divorcio. Delas, o 90 % a cargo da nai. Non parece que sexan mulleres que decidiran a maternidade en solitario como unha escolla de vida, son o resultado do fracaso dun

proxecto de familia. Unha realidade moi afastada das posicións feministas dos anos sesenta de ter *un/ha fill@ para si*.

Na actualidade somos as mulleres quen iniciamos maioritariamente a demanda de divorcio. En 2011, 2045 demandas presentadas por mulleres fronte a 1094 presentadas por homes. Estudos no norte de Europa, onde a dinámica é semellante e anterior no tempo, indican que esta tendencia é consecuencia da frustración da expectativa creada polo amor romántico sobre o matrimonio, irrealizable por combinar dúas tensións incompatibles, o desexo de fusión e o desexo de autonomía, que fragilizan e volatilizan a institución e provocan un medre da taxa de divorcio e das convivencias extramatrimoniais, sobre todo após da primeira parella. Trátase do amor absoluto e ao tempo abocado á efemeridade. E esa volatilidade do modelo é o que o fai ineficiente para a crianza, que precisa de permanencia no tempo.

Somos conscientes as mulleres cando casamos e temos fillas ou fillos, dese 62 % de posibilidades de divorciarnos e nese caso o 90 % de facérmonos cargo en solitario da crianza?

Tense debatido moito sobre como afecta ás criaturas a custodia en exclusiva, pero menos sobre como afecta ás nais que a asumen. Ademais das cuestións psicolóxicas que supón superar a crise persoal que trae aparellada o divorcio, a situación material destas xefas de familia á forza é moi complicada. O desenvolvemento profesional ou as posibilidades de incorporación ao emprego en condicións dignas quedan limitadas e son empuxadas a xornadas reducidas e ao traballo informal e eventual, que supón baixos ingresos no presente e baixas pensións no futuro. A vida persoal vese restrinxida fóra da condición de nai ao asumir en exclusiva e a tempo completo, a responsabilidade da educación e do coidado. Mantense en moitos casos a dependencia económica e lígase a percepción de ingresos

do fogar a unha situación temporal que remata coa maioría de idade ou a emancipación das criaturas. Pérdense os ingresos e o dereito ao uso da vivenda común a unha idade difícil para encetar unha nova vida. Vemos nos datos como a crise afecta de xeito dramático ás familias monoparentais: impagos de pensións alimenticias, desafiuzamentos, perceptoras de RISGA, pobreza infantil...

A custodia en exclusiva após o divorcio é facilitada por un Código civil con declaradas intencións de protección das mulleres. A vixente Lei 15/2005 que reforma o Código civil aparece despois da 1/2004 Integral Contra a Violencia de Xénero, que instala no lexislador o discurso defendido por unha parte importante do movemento feminista e asumido polos partidos políticos de esquerda: a idea de que a desigualdade é violencia, de que a violencia contra as mulleres está presente na práctica totalidade das relacións de parella heterosexual, e de que contra esa violencia débese empregar con contundencia o Código penal. Unha visión que considera que un divorcio sen causa (sen culpable) deixa ás mulleres indefensas fronte ao desexo dos homes, que desconfía da mediación porque só se pode dar entre iguais, e as mulleres estamos sempre en situación de inferioridade, que se opón á custodia compartida imposta porque privar ás mulleres da exclusividade da custodia equivale a privarlas do uso do domicilio común e da pensión de alimentos, e que argumenta que as nais temos unha relación máis estreita coas criaturas e estamos máis preparadas para a crianza ou que os homes só piden a custodia para evitar pagar alimentos.

Un conxunto de argumentos, que vitimizan ás mulleres e non dan opción aos homes que queren cambiar o seu rol de xénero e construír un novo modelo de paternidade. A imaxe de vítima non fai favor ningún ás mulleres, non considera a nosa capacidade para resistir, para empoderarnos, non xera autoestima nin solidariedade, convértenos

en dependentes perpetuas sometidas a unha excesiva tutela da lei, xudicializa a nosa vida e pon o noso destino nas mans doutros. Tampouco fai favor ningún a imaxe dunha natureza masculina perversa inevitable, por máis que a violencia de xénero constitúe un problema social gravísimo que non estamos a atallar.

Visto que o paradigma do amor romántico como nexo da parella non parece estar en cuestión, malia as súas consecuencias nas vidas das parellas e das criaturas, teremos que procurarnos como sociedade un sistema de crianza realista, baseado na corresponsabilidade, alén do matrimonio. A custodia compartida constitúe un compromiso parental interxeracional que sobarda os límites temporais da relación de parella e pode supoñer unha alternativa ante unha situación actual da que ningún se beneficia.

Dende o feminismo a pregunta debería ser por que non hai máis homes que reclaman a custodia compartida. A dura realidade é que o tema está na axenda política non pola demanda feminista, senón pola persistencia das asociacións de nais e pais separad@s que levan anos presionando aos partidos políticos para modificar a lei.

Á espera desa modificación do Código civil, comprometida no Congreso desde 2012, diversas comunidades autónomas (Cataluña, Aragón, Valencia, Navarra) que teñen a posibilidade de desenvolver dereito civil propio, aprobaron leis que procuran facilitar a custodia compartida en caso de ruptura de parella; nalgúns casos como opción preferente e noutros casos actuando máis individualmente, sen marcar opcións preferentes de partida. Todas elas priorizan o acordo sobre custodia, sexa compartida ou non. Un exercicio xusto da patria potestade e das obrigas parentais, recollido nun *plan de corresponsabilidade parental*, porque a custodia individual non exime das obrigas e os dereitos da patria potestade. Utilizan a mediación (previa, alternativa e durante os procesos xudiciais de custodia), na

**Só en 2011 creáronse en Galiza 2696 familias monoparentais por causa dun divorcio. Delas, o 90 % a cargo da nai. Non parece que sexan mulleres que decidiran a maternidade en solitario como unha escola de vida, son o resultado do fracaso dun proxecto de familia**

procura de acordos máis sólidos, do fomento da dinámica de consenso e non de conflito e incluso como unha ferramenta para detectar situacións agochadas de violencia.

A mediación está vetada se hai violencia de xénero, a nova lexislación autonómica resolve a cuestión de xeito diverso, nalgún caso impedindo a mediación pola interposición da denuncia, noutros coa valoración xudicial de sinais fundados de violencia, haxa denuncia ou non. Débese avanzar en definir criterios que garantan a protección das mulleres que sofren violencia, sen eliminar a vía da mediación para acordos de custodia no resto dos casos. Os datos que se publiquen sobre 2012 incorporarán xa os efectos destas novas leis e permitirán afinar as regulacións.

Galiza ten a posibilidade de desenvolver un dereito civil propio que atenda a regulación da custodia de menores en rupturas de parella do xeito máis adecuado ás necesidades e realidade que nos son propias. Vemos algún avance no máis concreto como a proposta do fiscal xefe do TSXG de creación de máis servizos de mediación familiar nos xulgados de familia. Pero polo de agora o Parlamento galego mantívose formalmente á marxe do debate, entre o silencio dos partidos, a oposición maioritaria dos grupos feministas e as demandas de regulación das asociacións galegas de nais e pais separad@s. Perderemos tamén este tren? ■



# Defensa de Dominique Bertinotti

## do proxecto de lei do Matrimonio Homosexual en Francia

A Maryse Vigouroux co meu agradecemento

LAURA GÓMEZ LORENZO

A lei do Matrimonio Homosexual promulgada en Francia polo presidente François Hollande (contemplada no seu programa electoral), tras obter 249 votos a favor e 97 en contra e ser ratificada polo Consello Constitucional, entrou en vigor o pasado 18 de maio deste ano 2013. A lei abre a vía da adopción para as parellas homosexuais casadas. Este aspecto, sobre todo, foi o que máis disparou a xenreira homofóbica da dereita, que protagonizou multitu-



dinarias, agresivas e constantes manifestacións asombrando os/as foráneos/as que tiñan a imaxe dun país que fixera bandeira dos dereitos civís. Mais o 28 de xuño París era unha festa do arco iris.

Entre xaneiro e maio, os medios recolleron dabondo o candente debate. A trampa máis frecuentemente empregada polos opositores era facer pasar como *natural* o que non deixa de ser unha construción social, é dicir a procreación dunha parella heterosexual casada consonte as regras da tradición nesta parte do mundo. Reabriuse o debate da lei de Reprodución Asistida (reformada en 2010), que actualmente exclúe a solteiras e parellas de lesbianas, por considerar que nestes casos coa maternidade biolóxica estaría a cumprir unha satisfacción ou un desexo, pero a súa falta non ocasionaría unha patoloxía, como polo visto si pode

ocorrer no caso de mulleres heterosexuais casadas ou en convivencia regada por PACS.<sup>1</sup> Disparáronse de novo as alarmas sobre a posible legalización da maternidade subrogada ou ventres de alugueiro, empregada especialmente por parte de parellas de homes e na actualidade prohibida en Francia. Pero (ao contrario do que acontece no Estado español, onde se está a xerar un baleiro legal ao respecto), a ministra de Xustiza, Christiane Taubira, publicou unha circular destinada a facilitar a obtención da cidadanía francesa áos/ás nenos/as concibidos e nados deste

<sup>1</sup> PACS (Pacto Civil de Solidariedade, algo semellante á figura española de parella de feito) e concubinato son dúas figuras xurídicas que contemplan dereitos e deberes das unións estables de convivencia entre dúas persoas non unidas en matrimonio con diferente grao de implicación.

xeito no estranxeiro e residentes no país.

As encargadas de defender a proposta de lei do matrimonio homosexual perante a Asemblea Nacional foron Christiane Taubira e Dominique Bertinotti, ministra de Familia. Entre elas evidenciáronse algunhas diferenzas, sendo a máis importante a respecto da autorización para que as parellas de lesbianas puidesen recorrer á reprodución asistida, postura defendida por Bertinotti. Gañou a posición de Taubira, logrando que se sacase esa disposición –unha das que máis oposición xera na opinión pública– doutra proposición de lei que se presentará dentro duns meses.

Polo seu interese reproducimos nas seguintes páxinas a meirande parte do relatorio de Dominique Bertinotti pronunciado perante a Asemblea Nacional o pasado 29 de xaneiro.



«Señor presidente, señor presidente da Comisión das Leis, señora presidenta da Comisión de Asuntos Sociais, señora, señor poñentes, señoras e señores deputados, os debates sociais foron numerosos no seo deste hemiciclo: uns anticipadores, outros acompañantes das evolucións da sociedade.

En efecto, hai tempos nos que a representación parlamentaria ten a posibilidade de votar leis que se adianten a evolución da sociedade civil e resolvan problemas antes de que se formulen de xeito conflitivo. Pero hai outros tempos nos que a representación parlamentaria ten a posibilidade de votar unha lei que acompañe a evolución, no mellor dos casos sen demasiado atraso, tomando nota dun estado das mentalidades e dos costumes que impón unha nova lexislación. Estamos precisamente neste momento.

Si, esta reforma que pretende abrir o matrimonio e a adopción ás parellas do mesmo sexo é un avance igualitario.

Non está tan lonxe o tempo no que os homosexuais eran estigmatizados, merecentes dunha pena delictiva ata 1982 en Francia. Houbo que esperar a 1990 para que a OMS retirase a homosexualidade da lista das enfermidades mentais. Vén de lonxe o rexeitamento e a discriminación que xeraron tantos sufrimentos inútiles, tanto para os homosexuais coma para as súas familias. Dixéronnolo no momento das audiencias, e cito: “A miña homosexualidade non é a preocupación, é a imaxe de min e da miña vida o que se desestima e que me fere”.

Como muller, como muller de esquerda, como cidadá, como antiga electa da República, non podo admitir que en virtude da súa orientación sexual outros cidadáns ou cidadás poidan estar limitados polo medo, a culpabilidade, sufrir insultos, rexeitamento, intimidación ou experimentar a aversión de si mesmos, a soidade moral e física, tanto máis canto que se lles pide escoller entre a súa sexualidade e a súa familia. A República debe recobrar a súa vocación universal e, en particular, a da universal dignidade humana. Ningunha persoa máis debe ser clandestina na súa familia, clandestina na sociedade, clandestina na República.

A mirada da sociedade comezou a cambiar, pero aínda demasiado timidamente, só unha lei de igualdade pode transformala radicalmente. Así como se loita contra o



Dominique Bertinotti, ministra de Familia en Francia

sexismo, como se loita contra o racismo, como aínda debemos loitar contra a homofobia, esta reforma que pretende abrir o matrimonio e a adopción ás parellas do mesmo sexo se inscribe na liñaxe das leis que loitan contra toda forma de discriminación.

Esta lei é tamén útil porque nos obriga, a nós e á sociedade francesa, a mirar con toda obxectividade a realidade das familias de hoxe. [...]

A xeneralización do traballo das mulleres, o mellor control da contracepción, a creación e o perfeccionamento das técnicas de asistencia médica á procreación cambiaron o rostro da familia e fixeron evolucionar as referencias tradicionais da filiación. Hoxe, conxugal, sexualidade, procreación, amor ou sentimentos poden ser separados uns doutros e dispostos por cada un dos nosos concidadáns como consideren. Cada un tomou o goberno da súa vida sentimental, velaquí un fenómeno inédito respecto á mirada de séculos pasados. O feito xa está aquí: a familia baséase de agora en diante na vontade dos individuos.

Desde os anos setenta, as familias levaron a cabo unha revolución silenciosa que Irène Théry cualifica de “revolución de veludo”. Estes cambios foron aceptados porque a familia, aínda que isto desagrade a algúns, lonxe de ser unha institución fixada en estruturas inmutables, é un formidable factor de adaptación ao cambio. Os termos mesmos cambiaron e traducen esta evolución social. Quen falaría aínda hoxe de nenos bastardos, de nenos adulterinos, cando se sabe que o 56 % dos nenos nacen fóra do matrimonio?

A mirada da sociedade evolucionou moito, sen poñer de ningún modo en cuestión a vontade de *formar unha familia*. E, se hai que convencelos disto, para máis de oito franceses sobre dez a familia converteuse na primeira das prioridades. Ademais, o 63 % dos nosos concidadáns consideran que o benestar é ter unha familia, calquera que sexa.

[...] xa non existe un único modelo familiar, é unha evidencia. Cada un inventa o seu, cada un debe poder

escollelo. É por iso que esta diversidade dos modelos familiares chama por numerosos avances do noso dereito, que serán o obxecto doutro proxecto de lei que o Goberno está a preparar.

[...] En 1938, as mulleres casadas adquiren a capacidade xurídica. En 1965, adquiren a independencia no exercicio dunha profesión e no uso das súas rendas. En 1970, a potestade paterna é substituída pola autoridade parenteral compartida entre ambos os dous pais. En 1975, a lexislación sobre o divorcio flexibilízase e créase o divorcio por ruptura da vida en común. En 2005, a distinción entre nenos lexítimos, naturais ou adulterinos é suprimida. En paralelo, son recoñecidas as formas alternativas de unión ao matrimonio: concubinato e PACS. Non pensen vostedes que todo isto puido conseguirse sen reticencia. Cantas veces nos foi anunciado o fin do mundo, sen acontecer nunca?

[...] A lei desexada hoxe é un avance para todos. Todas as eleccións respectuosas cos valores da República deben conseguir dela o mesmo recoñecemento e a mesma protección, é para todas as familias que o Estado se precisa confiado, tranquilizador e esixente.

Esta lei achegará unha resposta ás dificultades concretas que encontran as familias homoparentais, nas cales viven de 40.000 a 300.000 nenos en Francia. Non teñen en efecto, por agora, máis lazo establecido que cunha soa de ambas as dúas persoas da parella, o que os somerxe na incerteza do mañá en caso de falecemento ou de separación. A lei permitirá regular numerosas situacións, autorizando particularmente a adopción do neno do cónxuxe. Redefinir os contornos xurídicos dos lazos que unen e protexen adultos e nenos, velaquí ao que é invitada a sociedade hoxe, velaquí o que nos dita o interese do neno.

Pero vostedes saben tamén que hai unha multiplicación de actores implicados na súa concepción e a súa educación. É forzoso recoñecer que a filiación non pode resumirse xa na soa filiación biolóxica, aínda que non sexa máis que porque a adopción dun neno ou o recurso á procreación médica asistida autorizada a parellas heterosexuais fixo evolucionar a dación. A filiación non pode reducirse máis ao feito procreador, mesmo se se trata de concederlle o lugar que lle corresponde na historia de todo individuo. Tense enriquecido hoxe da relación social e afectiva que se anoa cada vez máis frecuentemente entre o neno e o adulto que o educa. O servizo máis grande que se lle poida prestar a un neno é recoñecerlle unha historia na que todos os actores e todas as dimensións, xa sexan sociais, biolóxicas ou culturais, poidan ser coñecidas.

Certamente, esta lei responde a unha visión xenerosa da familia, unha visión que inclúe e non que exclúe. Esta visión é compartida amplamente por países cada vez máis numerosos. A día de hoxe, existe máis dunha quincena de

países que se teñen comprometido ou que se comprometen nesta vía. [...]

Recoñecer a diversidade, isto non é crear réximes xurídicos específicos para unha categoría ou para os que irían máis particularmente destinados, como a oposición propón. Cando se quere á familia, quérese a todas as familias. [...]

Fago un chamamento á súa afección republicana e laica para negar toda forma de exclusión. É unha tarefa esixente e incansable. François Mitterrand, en 1981, ante a Unión Nacional das Asociacións Familiares, xa nos invitaba a iso: “en cada período da vida, como en cada período da vida dunha sociedade, nunha civilización que se considera nobre e xusta, nada é doado. Nada, porque todo é intolerancia. Todo nos invita a non tolerar o outro, a non o aceptar, a defender o relativo a un mesmo gardando as distancias por un tipo de movemento animal que nos leva a considerar como unha ofensa á nosa personalidade a petición que o outro nos dirixe. Non hai máis que unha soa resposta. Esta leva un nome posiblemente desusado en política, chámase amor”.

Engado, moi modestamente, que isto se chama fraternidade, porque a familia é o crisol das solidariedades por excelencia, un lugar de confianza e de axuda mutua, nun mundo que carece diso en exceso. Isto chámase liberdade, pois a República permite a cada un ser responsable na súa vida persoal, na súa vida familiar, na súa vida social. Isto chámase igualdade, dado que se permite aos membros da sociedade ser, como dicimos, todos diferentes, pero todos iguais.

Entón voten esta lei de igualdade dos dereitos e dos deberes. Voten esta lei necesaria. Voten esta lei necesaria agora».

\*\*\*\*\*

Un relatorio fermoso, dun contido humanista comprometido na loita contra a discriminación da poboación homosexual e comprometido así mesmo cos dereitos da infancia, no mellor estilo do espírito libertario galo. Parabéns!

Sería de agradecer esta mesma apertura de miras no que concirne a outras aspiracións da cidadanía, para superar, por exemplo, o lastre xacobino, o centralismo da República no tocante á unha protección decidida e efectiva das linguas rexionais minoritarias e minorizadas de Francia. ■

# Obradoiros do reencontro, para o bo trato

TAREIXA LEDO REGAL

Foi en marzo do 2009 cando convoquei a primeira edición do obradoiro *Autocoñecemento para o cambio*. Seguiron despois moitas outras, dos obradoiros de *Relacións afectivas e vínculos amorosos* e de *Crisis e loitos*. Despois de ter experimentado eu mesma a Terapia de Reencontro como algo transformador, e dun proceso de formación de máis de cinco anos, o meu desexo era ofrecer esta marabillosa posibilidade na Galiza, dando prioridade inicialmente a espazos para mulleres.

Os obradoiros son un espazo vivencial teórico práctico que construímos xuntas; un espazo protexido e seguro para descubrir claves de cambio e adquirir ferramentas de transformación para as nosas vidas. A través dunha serie de exercicios sinxelos, cada persoa vai experimentando e dándose conta de cousas da propia vida. As explicacións teóricas dan claves de comprensión para facilitar o proceso, un proceso fondo desde a escoita e o respecto ao propio ritmo.

A maioría dos obradoiros artículanse en cinco sábados ao longo de catro ou cinco meses. Nalgunha ocasión son tamén de menos duración: así, por exemplo, nas recentes Xornadas ecofeministas de Compostela ou nas Xornadas sobre sexualidade de Lugo, cun obradoiro de tres horas, ou nas IX Xornadas para a Igualdade entre homes e mulleres organizadas en Allariz, cun obradoiro de dúas sesións de tarde.

## O obradoiro de *Autocoñecemento para o cambio*

Este obradoiro é un tempo para parar, para escoitarnos, para darnos conta de como está o noso corpo (se estamos relaxadas ou tensas, qué nos doe...), para aprender a estar con nós mesmas e a estar ben con nós mesmas, para aprender a respirar, a descansar e durmir ben... Iniciámonos na linguaxe cor-

poral e, desde ela, transformamos os aspectos da nosa vida que non van ben ou non nos gustan.

Facemos traballo coa sexualidade: aprendemos a manexar a erótica da globalidade e da xenitalidade para integralas e reaprender a vivir o corpo desde o pracer.

O obradoiro, polo tanto, posibilita facer un camiño para estar no noso



Espazo persoal    Autopercepción e lectura corporal    Respiracións    Integración corporal  
Sexualidade global e xenital    Saúde integral    Espiritualidade    Transformación persoal  
Relacións de bo trato    Erotismo    Relaxacións    Sensibilización corporal  
Família afectiva    Autoescoita    Coidado e autocoidado

Sesións: sábados 24 de outubro, 21 de novembro, 19 de decembro, 16 de xaneiro, 20 de febreiro.  
Horario: de 10:00 a 19:00h.

corpo e donas del, para sentirmos ben na nosa pel, donas da propia vida, para vivir reconectadas coa nosa enerxía vital, en paz e felices coa nosa vida.

## O obradoir *rises e dós*

Continuamente estamos facendo dós: cando morre un ser querido, cando quedamos no paro ou rompemos unha amizade. Son situacións nas que pechamos unha etapa e abrimos outra. Tamén hai loitos a nivel evolutivo: vivimos despedidas cando pasamos da nenez á adolescencia ou da idade adulta á vellez.

Este obradoiro serve para saír antes dos procesos de perdas e crises e para manexar mellor a nosa vida. É un espazo para elaborar dós pendentes, facer despedidas e pechar etapas, abrírnos a cousas novas e reconectar coa vida.

## O obradoiro de *Relacións afectivas e vínculos amorosos*

Neste obradoiro identificamos as relacións de maltrato que vivimos e aprendemos como construír relacións de bo trato. Traballamos a sedución, o namoramento, o amor, os modelos amorosos, o espazo persoal e o espazo compartido, e os guións de vida. Facemos prácticas de fusión e de separación e tratamos de definir os nosos negociables e innegociables. Traballamos tamén os procesos de desamor e ruptura, coas súas despedidas e loitos. Finalmente, conectamos coa nosa creatividade para definir os proxectos amorosos que queremos para a nosa vida na dimensión social, relacional e interna.

Ademais das relacións na parella, traballamos tamén as relacións coa nosa nai, co noso pai, coas nosas crianzas, con amigas e amigos...

seu traballo como psicoterapeuta, sexóloga e pedagoga.

A Terapia de Reencontro concibe á persoa dun xeito holístico e traballa con ela para a integración das súas múltiples dimensións: da dimensión física, sexual/erótica, emocional, mental, relacional, social e espiritual. É un modelo que integra, polo tanto, o enfoque psicolóxico, sexolóxico e educativo, con achegas doutras disciplinas e tradicións culturais, como as orientais.

Chámase Terapia de Reencontro porque traballa desde a perspectiva do *reencontro*: do reencontro de cada persoa consigo mesma, do reencontro entre mulleres e homes a partir dunha comprensión vivencial da escisión de xénero, do reencontro entre culturas, do reencontro coa terra..., un reencontro para unhas relacións de bo trato e de paz. ■

obradoirosdoreencontro@gmail.com

## O enfoque da Terapia de Reencontro

Todos os obradoiros están estruturados desde o enfoque da Terapia de Reencontro, un enfoque con perspectiva de xénero creado por Fina Sanz<sup>1</sup> a finais da década dos setenta a partir do

<sup>1</sup> Fina Sanz é autora de varios libros: *Psicoerotismo feminino y masculino*, *Los vínculos amorosos*, *Los laberintos de la vida cotidiana*, *La fotobiografía* e *Diálogos de mujeres sabias*, todos eles da Editorial Kairós.

Desamor  
Perdas  
Crises  
Loitos  
Cambios  
Crecemento  
Morte e transformación

Este obradoiro é un espazo para elaborar loitos pendentes. Para reconecer guións de vida. Para facer despedidas e pechar etapas. É un espazo para aprender a apoiar en aliados/os. Para abrir novas etapas. Para facer procesos de transformación persoal. Para reconectar coa enerxía vital. Para facer camiño e gozar coa propia vida.

**OS LABIRINTOS DA VIDA COTIÁ**  
Obradoiro vivencial teórico-práctico para mulleres

Sábados  
25 febreiro  
24 marzo  
14 abril  
12 maio  
16 de xullo  
de 2012

Horario  
de 10h a 19h

Facilitadora  
Tareixa Ledo Regal  
Formada en Autocoñecemento,  
Sexualidade e Relacións  
Humanas en Terapia de Reencontro  
(Unidade de Área de Espazo)

Lugar:  
Roxos  
(Compostela)

Matrícula: 120 €, Prazas: 60 € de apoio: 150 €  
Xantar: 1€ a pagar en cada sesión.

Para apuntarse: 1. Chamar a Tareixa ao teléfono 610 2038 69 ou 986 67 00 40  
2. Inscribirse antes do 10/12/12 en c/Traveseiros, 1498 0001 279017242625

**Relacións afectivas e vínculos amorosos**  
Obradoiro vivencial teórico-práctico para mulleres

Sábados: 06 outubro  
03 novembro  
24 novembro  
15 decembro  
12 xaneiro  
de 10-19h en Roxos (Santiago)

Imos falar dos vínculos amorosos na parella, e das relacións afectivas coa nosa nai e co noso pai, coas nosas fillas e cos nosos fillos, coas nosas irmás e irmáns, coas amigas e amigos...

Facilitadora: Tareixa Ledo Regal  
Formada en Autocoñecemento, Sexualidade e Relacións Humanas en Terapia de Reencontro (U. Alcalá de Henares)

Amor, sedución, namoramento  
Procesos amorosos e modelos de relación  
Guións de vida e relacións de bo trato  
Espazo persoal e espazo compartido  
Fusión e separación - O negociable e o innegociable  
Procesos de desamor, rupturas e despedidas - Creatividade e proxectos amorosos



Autorretrato, de Sofonisba Anguissola

# Mulleres no Renacemento

ANA SOUTO VILLANUSTRE

A historia da arte, desde moi pequena e, sobre todo, desde 6º de primaria, sempre me resultou apaixonante. A miña profesora, Teresa, que me deu clase en 5º e 6º de primaria, animábanos a poñernos na pel dun explorador e adoitaba dicirnos que o segredo estaba en observar coidadosamente cada anaco dos elementos que conforman o mundo do noso arredor. Desde entón, cada vez que vou de paseo ou fago unha viaxe, ou incluso unha simple visita á cidade veciña de Santiago de Compostela, poño os meus anteollos máxicos e observo cada unha das casas, igrexas, escudos, cruceiros e campanarios que

forman parte da paisaxe. Miro con atención cada unha das pedras, coma se fosen murmurar algún segredo.

As pezas de arte son como unha ventá aberta ao pasado, unha máquina do tempo. A pintura, a escultura, a arquitectura ou mesmo pezas que definiríamos como arte menor, conforman as páxinas dunha extensa e máxica enciclopedia, onde os artistas permanecen vivos, como seres inmortais cuxo nome é evocado nas clases de instituto, universidades, documentais, museos, visitas guiadas, películas, novelas...

A historia da arte non só se centra na arte en si mesma, nin tampouco na vida



dos artistas; a arte responde a unhas circunstancias históricas concretas. As obras de arte son pegadas que deixou a humanidade ao longo da historia, estampas que conforman o álbum dos recordos, testemuñas de eventos pasados. Son os ollos do mundo, observadores, impasibles ao paso do tempo. A historia da arte é historia e intrahistoria, pois cada obra na súa memoria garda recordos, rostros, imaxes borrosas daqueles que viviron noutro tempo. A historia da arte é a historia dunha longa vida, historia da humanidade desde os seus comezos nas covas de Altamira ata a actualidade.

Este ano, como alumna de Humanidades de 2º de bacharelato, estou en contacto directo coa historia da arte. No que vai de curso estudei numerosas etapas e estilos (antiga Grecia, Roma, Bizancio, Prerrománico, Románico, Gótico, Renacemento, Barroco...), amosando especial interese pola arquitectura, escultura e pintura. Algunhas das obras que estudamos foron creadas por artistas que quedaron no anonimato, pero moitas delas convertéronse en obras mestras de artistas como Fidias, Mirón, Mestre Mateo, Van Eyck, Giotto, Rafael, Miguel Anxo, O Greco ou Tiziano. Si, todo homes, ningunha muller. Xa pasaron dúas avaliacións desde que comezou o curso e aínda non falamos de ningunha muller (e a terceira avaliación non será moi diferente). Entón, non había pintoras, escultoras ou arquitectas na época de Fidias e Mirón? Tampouco as había no Renacemento, etapa de esplendor para a arte, a ciencia, a literatura e a filosofía? Non as había no Barroco nin no século XIX? Por non falar das pinturas prehistóricas que se conservan en numerosas covas coma as de Altamira, tan famosas no mundo enteiro. Quen as creou?

Co fin de atopar resposta ás miñas preguntas, comecei a buscar información e a documentarme ao respecto. Non só descubrín artistas contemporáneas das que nunca oíra falar, senón que atopei información sobre mulleres que dedicaron á súa vida á arte xa

desde época clásica. Gustaríame renderlle homenaxe a esas mulleres que quedaron esquecidas polas enciclopedias e libros de texto, pero cuxo traballo é digno de recoñecemento. Este artigo está dedicado a un grupo reducido de artistas renacentistas que serve como exemplo do labor levado a cabo polas mulleres no mundo da arte ao longo da historia.

**Antonia di Dono** (1456-1491) era pintora, pero son moi poucos os datos que se coñecen acerca da súa figura como artista. Sábese que o seu pai era o pintor Paolo Uccello e na biografía do mesmo, escrita por Vasari (*Vida dos máis excelentes pintores, escultores e arquitectos*), dise que Uccello deixara «unha filla que sabía debuxar». Tamén se sabe que Antonia di Dono pertenceu á orde car-



Autorretrato de María Ormani no *Brevarium Calendarium de usum Ordinis S. Agustini*

O Renacemento supón unha etapa de numerosos cambios sociais e a chegada da luz nunha Europa que estivera dominada polo escurantismo da Idade Media. Aumenta o recoñecemento do labor do artista, que deixa de ser considerado como un simple artesán. O artista renacentista non se limitaba a empregar as mans para crear a súa obra, senón que tamén era froito da razón. É a partir do Renacemento cando se comeza a recoñecer socialmente á muller artista, aínda que na Italia do Quattrocento hai poucas artistas documentadas. **María Ormani** (século XV), monxa miniaturista da orde agostiña, continuou coa tradición medieval e é coñecida polo autorretrato que inclúe entre as ilustracións que realizou para o *Brevarium Calendarium de usum Ordinis S. Agustini*, Biblioteca Imperial de Viena.



*Virxe María co Cristo neno e mazá*, de Catalina Virgi



A partida de xadrez, Sofía Anguissola

melita e que viviu na cidade de Florencia. O termo «pintora» figura na súa partida de defunción, o que confirma a súa faceta de muller artista.

Da que si hai máis información é de **Catalina Vigri** (1413-1463), á que tamén se coñece como Catalina de Boloña, foi monxa da orde das clarisas e levou a cabo unha ampla obra pictórica a mediados do século xv. É autora de numerosos frescos nas estancias do seu convento (non se conserva ningún deles), táboas e incluso realizou miniaturas para diversos manuscritos. Entre as obras conservadas destacan *Cristo na cruz* da Pinacoteca Boloña, *Santa Úrsula* na Galería da Academia de Venecia e a *Virxe María co Cristo neno e mazá*. Tamén levou a cabo a iluminación do *Breviario de Catalina Vigri* arredor do ano 1452. Trala súa morte foi elevada á condición de santa da Igrexa católica e na actualidade é considerada como patroa das pintoras e pintores.

No século xvi o papel da muller artista goza de maior prestixio, fenómeno moi ligado á figura de **Sofonisba Anguissola** (1532/35-1625), a quen podemos considerar como a primeira artista que acadou un importante éxito como pintora e que exercerá unha considerable influencia sobre outras mulleres pintoras. A educación das nenas nesta

época non só estaba orientada á castidade e á maternidade, senón que tamén se lle concedía importancia á pintura, á música e á poesía, feito que explica a formación de Sofonisba Anguissola. As súas primeiras obras son principalmente retratos da súa familia e retratos. Foi solicitada por diversas cortes europeas e traballou na corte española de Filipe II, converténdose en pintora da raíña Isabel de Valois. Sofonisba foi unha brillante retratista, vivindo a súa etapa de maior esplendor na corte española. As súas figuras están cargadas dunha profunda psicoloxía, a mirada das persoas retratadas é intensa e as vestimentas gozan de gran detallismo. Artistas como Miguel Anxo, co que tivo contacto na cidade de Roma, e Giorgio Vasari eloxiaron a súa obra pictórica. Caravaggio inspirouse no cadro *Neno pinzado por un cangrexo* de Sofonisba para a creación da súa pintura *Neno mordido por un lagarto*. **Lavinia, Caterina van Hemessen e Marieta Robusti** tamén salientaron no mundo da pintura, sendo herdeiras do legado de Sofonisba Anguissola.

As artistas renacentistas dedicáronse na súa maioría á iluminación de manuscritos e á pintura (centrándose no retrato). Non queda constancia da existencia de mulleres escultoras nin mulleres arquitectas. Estes oficios eran

*masculinos*, pois os homes eran considerados como seres superiores intelectual e fisicamente. Este fenómeno reflicte a discriminación á que a muller se enfrontaba non só no Renacemento, senón ao longo de toda a historia. Nunha sociedade dominada polos homes, a muller estaba baixo o control do seu pai e posteriormente do seu marido. A muller traballaba na casa, coidando dos fillos e encargándose dos labores domésticos; o papel da muller era o de esposa e nai. O mundo laboral estaba vetado parcialmente para a elas, como é caso do oficio de artista, o que explica o feito de que o número de mulleres artistas fose tan reducido. Malia non haber moitas mulleres dedicadas ao mundo da arte, si as había que traballaban, por iso se pode afirmar que o mundo laboral non estaba totalmente vetado para as mulleres. Había mulleres lavadeiras, costureiras, campesiñas que traballaban para grandes terratenentes, panadeiras, amas de chaves, amas de cría...

Existe un segundo tipo de discriminación. Os historiadores —e tamén o Vaticano— concederon máis importancia aos seus colegas, aos homes, deixando ás mulleres nun segundo plano, como se as súas obras fosen inferiores en calidade. A historia da arte foi maquiada polos historiadores para satisfacer os seus propios intereses. Temos que borrar esa maquiaxe e render homenaxe ás mulleres artistas que, a pesar dos numerosos obstáculos, loitaron pola súa gran paixón: a arte. ■

#### BIBLIOGRAFÍA:

- «Mujeres artistas en la historia del arte», Revista Digital Universitaria, <http://www.revista.unam.mx/>
- «10 mujeres artistas que han hecho historia», <http://arte.about.com>
- «Las mujeres artistas hasta el siglo xix», <http://losojosdehipatia.com.es/>
- «Mujeres artistas», <http://urlm.es/www.historiadelartecreha.com>

# Con letra e música

ISABEL GONZÁLEZ AVIÓN

Que importante é ter espellos onde mirarse! No momento actual, dentro do panorama cultural galego existen producións artísticas que nos fan sentir orgullosas, xa que configuran a estética e dan voz ao vivir das mulleres galegas de comezos do século XXI. No eido da música están a acontecer cousas moi interesantes, moi relevantes, cun clarísimo protagonismo feminino. As nosas cantantes e instrumentistas non son rostros fermosos ou corpos atractivos que se poñen enriba dun escenario para dar voz ás creacións doutros. Non. Certamente nos últimos vinte anos asistimos a unha auténtica construción dun discurso feminino neste ámbito. Uxía, Mercedes Peón, Guadi Galego, Ugia Pedreira, Clara Pino, Sés... son compositoras de letras e de melodías. Ben é verdade que adoitan contar coa colaboración de músicos, excelentes arranxistas e instrumentistas.

No tempo en que vivimos é fácil caer nos personalismos, nos protagonismos individualistas. Non hai máis que ver a obsesión polos perfís nas redes sociais, esa nova forma virtual de expresar identidades encorsetadas, nuns moldes moi simplistas, por certo. Pero hai unha serie de elementos que configuran a identidade das persoas que van máis alá da súa individualidade.



Non se pode negar que as voces femininas da música actual pertencen a personalidades singulares, inconfundíbeis. Sexa porque lles resulta innecesario *individuarse*, sexa porque a nosa tradición musical é moi comunal, o caso é que, aínda que fixésemos un ímprobo esforzo, non lograríamos dar conta de todos os proxectos colectivos que levan a cabo as nosas artistas. Para comezar, debemos citar a Uxía, muller cunha capacidade extraordinaria de convocar vontades e propiciar encontros onde se produce a maxia da creación colectiva. Esta pode ser unha modesta definición de *Cantos da Maré*, o Festival da Lusofonía.

Con anterioridade *Son delas* constituíu un encontro das mulleres que hoxe escriben o seu nome con maiúsculas no panorama da música actual. Un luxo de montaxe poética e musical da man e do siso de Ana Romaní e Uxía Senlle, onde participaron María Manuela, Uxía, Rosa Cedrón, Ugia Pedreira, Susana Seivane, Sonia Lebedynsky, Suances e Mercedes Peón, acompañadas da acor-

deonista Olga Nogueira, a batería Teresa Sayas e Nuria de León.

Este encontro tivo o seu antecedente no segundo traballo en solitario de Uxía, *A danza das areas*, que supuxo a súa consagración como compositora e onde ademais canta a Rosalía e a María Mariño Carou nun himno feminista: *Tiven medo de vogar*. Colaboracións nas voces: María del Mar Bonet, Dulce Pontes, Guadi Galego e Filipa Pais. Na música: Susana Seivane (*A rula* con Dulce Pontes) e Guadi Galego (*No altinho*, con Filipa Pais).

Moitas delas coinciden tamén no tema titulado *Muiñeira do alén*, do segundo disco de Susana Seivane, *Alma de buxo*. Estamos a falar do ano 2001. Este tema foi recollido por Cántigas e Agarimos e Montse Rivera, compoñente clave doutro referente imprescindíbel: as Leilía.

É inconcibíbel a historia da música galega dos últimos vinte anos sen facer referencia ao grupo de pandereiteiras que marcou dun xeito decisivo a proxección da música de raíz no noso país. As Leilía

non só provocaron un auténtico fenómeno sociolóxico, senón que trouxeron á contemporaneidade a expresión da música máis ancestral. Porén, as cantadoras compostelás foron evoluíndo, incorporando unha instrumentación propia do folk actual, interpretando textos de autores e autoras recoñecidas e mesmo creando as súas propias composicións. O último traballo editado polo grupo, *Consentimento*, está dedicado á muller da que conservamos a primeira gravación de música tradicional: Eva Castiñeira. No álbum achégannos un tema, *A voz das amigas*, con letra de Yolanda Castaño, que reproduce fielmente a esencia das cantigas populares femininas: «A miña voz, compañeiras / tráioa para partillar. / Se non fose por vosoutras, / como ía camiñar?». É fácil poñer esta copla en relación con outras como: «Canta, miña compañeira. / Miña compañeira, canta. / Canta, miña compañeira, / que tes linda garganta!»; «Axudádemme a cantar / mozas da miña aldea. / Axudádemme a cantar / que estou en terra allea»; «Por aquí todas son miñas. / Por aquí todas son miñas. / Para cantar e bailar, / vivan as miñas veciñas!».

As producións populares e a creación feminina, en xeral, están asinadas por un persistente anonimato. A fama é hoxe algo moi central á hora de construír discursos sobre a historiografía de calquera disciplina, mais non deixa de ser un prexuízo moi occidental e masculino, aínda que veña do Renacemento e mesmo de máis lonxe (do vanitas, vanitatis latino). En realidade, non é a honra individual o que é interesante conservar, senón que o que se debe poñer en valor é o inmenso tesouro da creatividade, neste caso, colectiva.

Cando falamos de música tradicional parece que tiramos dun fío que nos leva ao máis fondo das nosas raíces, a un pasado remoto e esvaído sobre o que non alumea a luz da historiografía. En grande medida isto é así. É moi suxestiva a tentación do celtismo e do indoeuropeísmo. Existen elementos moi interesantes no comparatismo musical, sobre todo nos ritmos ternarios como os da muiñeira,

que podemos atopar en pobos que habitan en Asia ou no pobo azul do deserto no norte de África (tuareg), así como na xiga irlandesa etc. Os alalás apuntan unha relación directa coa música norteafricana e co cante *jondo* do flamenco, que ten as súas raíces na India.

Se facemos un repaso pola documentación escrita, polos documentos historiográficos, non imos chegar moi lonxe no tempo. As referencias máis antigas á produción musical popular feminina datan do século XVIII. Mais se nos atrevemos a pór en relación as cantigas de amigo cunha tradición popular que chegou ata os nosos días, podemos remontarnos á Idade Media e comezar o noso percorrido dende aí.

O chamado xénero amoroso feminino ten un notabilísimo interese. Desde o punto de vista formal, é un discurso literario masculino que ten como eu lírico unha muller. Por iso, ante os nosos ollos son unhas composicións atractivas. Á simplicidade formal que presentan, ao uso do paralelismo e outras fórmulas que facilitan a memorización, á ambientación natural, ao carácter en certa medida inxel das protagonistas, súmase un suxestivo xogo literario: o emisor masculino desdoblándose en muller.

Pode haber quen proteste (de feito, hai medievalistas que así o fan) que este eu poético feminino non está ben logrado, que ao trovador se lle vai a man na constante temática da auto-louvanza da moza namorada: «Eu belida non durmia / Edoi lelia doura...»; «E quen for belida / como nós belidas»... Como un eu feminino se vai chufar deste xeito? Pois ben, se nos achegamos á literatura popular de tradición oral veremos como as mulleres se gaban en moitas coplas. Non só se gaban do seu bo facer musical, senón da súa fermosura ou do mero feito de seren mulleres, como na famosa copla: «Arriba pandeiro roto, / abaixo mantamollada. / Onde esteamos as mulleres / os homes non valen nada».

Indo a outra tradición medieval, Carne Blanco, que debeu ler algunhas das composicións das poetas de Al-Ándalus,

destaca «a marcada autoestima feminina que traslucen os poemas, ao insistir de maneira reiterada non só na autoafirmación físico-erótica, senón tamén na intelectual, persoal e artística». Por iso consideramos interesante pararnos un momento neste punto para reflexionarmos en torno á máis que probábel coexistencia dunha literatura feminina popular con este xénero. Esta intuición está baseada na pervivencia de constantes temáticas propias das cantigas de amigo nas cantigas populares actuais. Eis algúns exemplos:

Bailadas, convite a participar no baile:  
«Mociñas a bailar todas, / mociñas arriba, arriba»; «Cantai mozas, cantai todas»; «A tocar a pandeireta e facela resonire. / Quen ten os amores lonxe, / facelos aquí venire».

A espera impaciente polo namorado:  
«O meu amor díxom'onte / que m'había de ver hoxe / quedou de vir e non tarde / que ten o camiño lonxe»; «Quedaches de vir ás nove, / viñeches ás nove e media...».

O mar como símbolo da separación dos amantes (non emigración): «D'a miña ventá ben vexo / o fondo que ten o mar; / tamén vexo os meus amores / e non lles podo falar».

Reclusión ou prohibición de ver o namorado: «Esta noite hai serán, / non me deixan ir a el. / Coitado de meu irmán! / Quen ha de bailar con el?».

A auga, a fonte, como símbolo do encontro amoroso: «Pola miña porta pasa / un regueiro de auga fría / para darlle de beber / ós amores dalgún día».

Recoñecer esta relación entre as cantigas de amigo e as coplas populares que chegaron a nós mesmo podería servir para deitar luz sobre puntos escuros que a investigación académica, ás veces, non logra descifrar.

Por poñermos un exemplo: a estudiosa Esther Corral Díaz, na súa tese de

doutoramento *As mulleres nas cantigas medievas*, que foi dirixida pola profesora Mercedes Brea, analiza o valor do sintagma «dona d'algo» en relación coa virxindade. Sobre unha cantiga de Pero Gonçalves de Portocarreiro, ofrece as interpretacións de varios autores en relación á tristura da doncela, que perdeu o seu anel. «O anel do meu amigo / Perdi-o so lo verde pino / E chor'eu, bela!». Ramón Lorenzo interpreta que se trata dun amor non consumado que rematou, mais outro estudoso, Reckert e Macedo, pensa que o anel representa a virxindade. Imos ver que valor simbólico ten o anel nas cantigas tradicionais que conservamos: «Debaixo do lavadoiro / onde María lavaba, / atopei anillos de ouro / nunha mazá colorada»; «O anillo do meu dedo / perdino na carretera. / Non me pesa do anillo, / pésame de quen o leva».

Parece evidente que estamos ante unha metáfora de tipo sexual. O enorme paralelismo entre a cantiga medieval e esta última copla que citamos é unha mostra, non indiscutíbel pero si bastante sólida, da estreita relación entre o discurso literario das cantigas de amigo e as cantigas populares.

Por outra banda, no ámbito musical, autores como Teóphilo Braga, na introdución ao *Cancioneiro* de López Ballesteros do século XIX, analiza métricamente varias cantigas de amigo catalogándoas como muiñeiras. Graça Videira Lopes fai o propio en *A sátira nos cancioneros medievas*. Domingo Blanco chega a contabilizar medio cento de cantigas de amigo con métrica de muiñeira.

Todo isto non vén senón a demostrar que no xogo literario das cantigas de amigo o home aprópiase da voz da muller para facer literatura culta, mentres que a muller será a principal posuidora da voz na literatura oral, como máis adiante veremos testemuñan autores de distintas épocas. É xa que logo un exemplo prototípico da posición nas marxes da cultura que se lles veu impondo ás mulleres ao longo da historia. Existe na nosa literatura unha división

funcional, que podemos esquematizar así:

Voz masculina = Literatura escrita, culta, canónica, dominante.

Voz feminina = Literatura oral, *vulgar*, subordinada, marxinalizada.

Os Séculos Escuros, unha denominación seguramente simplista e que deforma a visión dos procesos históricos que se viviron no noso país nesa época (universidade, Fonseca, Barroco...), son tamén un período que non nos alumea na cuestión que estamos a tratar. Temos que agardar a que chegue a luz. Son ilustrados os que nos dan as primeiras noticias escritas sobre a tradición oral. No século XVIII Sarmiento e Sobreira recollen por escrito, de xeito pioneiro, a literatura galega de carácter oral. Frei Martiño fala sobre as mulleres do seu tempo recoñecendo o seu papel creador e, entre outras cousas, sinala: «En Galiza as mulleres non só son poetisas, senón músicas naturais». Un século máis tarde será Murguía na súa *Historia de Galicia* quen fale do tema: «Non hai acto na vida vulgar que non teña as súas coplas; as mulleres principalmente parecen ter inventado este medio de dar a coñecer os seus sentimentos».

Sería unha falsidade rotunda atribuír as cantigas populares só ás mulleres. Hai xéneros que comparten cos homes. Mesmo os hai que son masculinos: o cantar do arrieiro, os desafíos que tiñan lugar nas tabernas, as cornetadas nas vodas de viúvos/as etc. Mais a relevancia da autoría feminina é enorme. Non só contrasta coa escaseza dentro das expresións de tipo culto, senón que é sorprendente en si mesma. Unha explicación pode estar nos xéneros didácticos (adiviñas, trabalinguas, contos...). Dentro do papel reprodutor das mulleres, o rol de educadoras tiña –e segue a ter– moita importancia. Ademais destaca enormemente, como xa anotou Murguía no seu tempo, a expresión subxectiva, que supón unha auténtica auto-representación do xénero feminino a través da lírica: amor, soidade,

ledicia, problemas con outros membros femininos da familia, relacións sexuais, acatamento das restricións morais, rexeitamento do matrimonio, desexo de casar...

Os homes e mulleres do Rexurdimento quixeron dignificar a nosa tradición musical. O libro que inaugura o renacer da literatura galega é a obra de Rosalía de Castro, publicada o 17 de maio de 1863, titulada *Cantares Gallegos*. Non é necesario explicar a importancia das coplas populares como pretexto temático na composición dos poemas, nin fai falla sinalar a intencionalidade de dignificar a expresión folclórica que envolve a obra. O que queremos reivindicar é que o seu prólogo poético é un símbolo incontestábel: «Has de cantar, meniña gaitreira; / has de cantar, que me morro de pena». A escolla da autora de ceder a palabra á meniña gaitreira dota dunha clave feminista dende o mesmo comezo, tanto a obra rosaliana, como o noso espertar cultural na idade contemporánea. Ademais ofrece a información da existencia de mulleres gaitreas no século XIX. Tamén en *Follas Novas* aparece unha moza música, a bandolinata, e non debemos esquecer que a propia Rosalía tivo formación musical e tocaba o piano.

Cando se cumpre o 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* non podemos menos que celebrar que as meniñas gaitreas contemporáneas estean aí, en plena produción, tocando, cantando, compoñendo. Chámanse Magoia Bodega, Susana Seivane, Guadi Galego. Chámanse Leilía, Ialma, Malvelas. Chámanse Uxía, Mercedes Peón, Rosa Cedrón. Chámanse María Manuela, Mónica de Nit, Sés. Chámanse Cristina Pato, Clara Pino, Uxia Pedreira, Sonia Lebedinsky, Mercedes Arribe, Tomi López, Gloria Mosquera, etc., etc. Unha escolma do traballo de moitas delas e doutras músicas contemporáneas podémolo escoitar en *Cantigas de mulleres*, un disco que serve de convite para achegarse ás respectivas obras, cheas de creatividade, de forza e de consciencia feminina. ■





# Carmen, sandadora dos males que a medicina non pode curar

ANGÉLICA E PATRICIA COMESAÑA COMESAÑA

Carmen é unha desas mulleres especiais coas que unha ten a fortuna de encontrarse nesta vida. Muller forte, valente e decidida que non ten pelos na lingua para contar a historia da súa vida. Pertencente a unha de tantas familias numerosas e humildes que poboaban a Galicia da posguerra, tivo que deixar os estudos para poñerse a traballar nunha fábrica de conservas desde moi nova. Aínda que ela confesa que «iso de estudar» non ía con ela.

Eu ía todos os días ao colexio, e cada día a profesora tomábame a lección, sempre a mesma lección... Era a única que sabía e deseguido me volvía para casa porque había que traballar. Non obstante, cando empecei a traballar na fábrica, eu busquei o meu xeito para facer ben as cousas e non me enganar ao facer os meus cálculos. Nunca ninguén se decatou que non tiña estudo e se sabía ler ou non.

E como os estudos non ían con Carmen, con tan só 14 anos entrou a traballar na fábrica de conservas de Quirós, onde pasaba o día limpando, torando e envasando peixe.

Alí cortabamos o peixe e logo empaquetabámolo. Das grellas de peixe cortábanse as puntas e os rabos. Eu era moi aplicada no meu traballo e nunca me chamaron a atención porque as miñas compañeiras e o encargado confiaban en min. Eu era moi responsable e sempre que podía botaba unha man. Ás veces, mesmo me deixaban encargada das súas tarefas.

Na fábrica de Quirós estivo a traballar ata que casou con 21 anos.

Gañaba 2,50 pesetas á semana. Uns cartiños que daba na casa íntegros. Mesmo cando casei entreguei todo o meu semanal á miña nai.

Carmen relata moitas anécdotas da súa vida que como di «darían para escribir un libro»... Pero baixa o volume de voz, como quen vai contar algo que ten tinguiduras misteriosas. Entrecortadamente e dicindo sen querer dicilo todo, Carmen explícanos que vén dunha familia de sandadores, deses que non levan estetoscopio nin visten bata branca. Ela é unha desas persoas especiais que só mirando son capaces de percibir do mal que sofre un enfermo. E desde moi nova foi

# LEMBRANZAS dunha época

aprendendo, fixándose como a súa nai e principalmente a súa avoa curaban males como *o airo*, *o cóbado*, *o herpes*, *o mal de ollo*, *o uñeiro*, etc.

A miña nai xa curaba algunhas doenzas como o uñeiro ou o herpes, pero eu nunca lle pedín que me ensinasen. Só con mirar, xa aprendía moitas cousas, principalmente da miña avoa. Ela sempre me dicía que observase como o facía para eu aprendelo. Tanto aprendín, que unha vez ata me chamaron para ir a sandar unha vaca que non daba leite [ri] e alí marchei a curala.

Estas tres mulleres eran moi coñecidas na zona onde vivían pola fama das súas artes curativas. Pese a isto non vivían deste oficio, nin cobraban por realizalo, a pesar de que era moita a xente que acudía a elas a sandar as súas enfermidades. Cada unha era especialista nunha determinada doenza, e aínda que Carmen sabía de varios males, o seu facer principal era curar nenos pequenos *que tiñan o airo*, un mal que podía provir dalgún insecto ou do bico dunha muller e que provocaba que o menor fose quedando moi delgado, pálido e sen forzas; «sequiño», en palabras de Carmen.

Moita xente viña a nós desesperada porque os médicos non lles daban co mal. A medicina hai cousas das que non sabe, nin tampouco quere saber, e hai moitos males por aí. Unha vez, unha muller andaba nos médicos co seu fillo, pero non lle daban razón nin cura da enfermidade. Estaba tan sequiño o pobre! Cando nolo trouxo, só con mirar para el, vin que tiña un aire. Fixémoslle o traballo. Nós non dábamos nada de beber, nin cousas raras desas que se ven hoxe en día e que non serven para nada. Desafumabámoslos, rezábamos unha oración e facíamos uns rituais. Nada malo nin perigoso, matiza. Cousas de fe simplemente. Ao pouco o neno mellorou, non parecía o mesmo. Agora ben, resulta que un dos médicos que estivera a tratar aquel neno tiña un fillo que padecía o mesmo mal. Ao ver aquel tan recuperado, preguntou á señora como fixera. Á muller ao principio deulle vergoña contarlle o médico, mais despois mandouno a xunto nosa. Ao pouco, se nos presentou na casa aquel médico co seu fillo. E efectivamente tiña o airo. Ao principio, mostrouse escéptico coa curación, pero logo convenceuse.


Carmen cos seus coñecementos e o seu *saber facer* logrou curar o pequeno. E aínda que nunca cobraba como di ela «nin unha perra», naquela ocasión co médico fixo unha excepción.

Ao médico cobreille nove duros pola cura. Como se indignou! Púxonos a feder por cobrarllo cando ao resto da xente non lle cobraban nin un pataco. Máis eu espeteillo na cara. Mire!, eu tamén fun recentemente ao médico coa miña filla e tiven que pagar. Vostede tamén andou en Pontevedra co seu fillo noutros médicos e tamén pagou o que lle pediron... Así que isto é o que hai... e se non quere... vaia tomar polo cu! Miña nai!, como se enfadou aquel médico... Pensei que me mataba do furioso que se puxo. Pero demostrámoslle que a nosa curación era real e ao pouco tempo o neno sandou.

Entre anécdota e anécdota, Carme explica como curaba as enfermidades dos nenos e aínda que relata todo o proceso, nótase que non lle gusta falar destas cousas, pero si dá un consello de persoa coñecedora deses males que non teñen explicación científica.

Nunca hai que permitir a descoñecidos dar bicos aos nenos. E as mulleres tampouco deben dalos cando están co período. Non hai cousa tan mala!, porque nesos bicos van as enfermidades do airo. Eu nunca permitín que ninguén bicase os meus fillos nin os meus netos. Moitas veces, vou pola rúa e miro nenos enfermizos. Eu calo a boca e sigo o meu camiño, pero ben sei que ese neno padece dun aire. Eu non digo nada, porque hai quen cre, pero tamén hai quen non cre. É unha pena que moitas desas curas que sabían a miña nai e a miña avoa xa non as recorde e que tampouco lle ensinase nin aos meus fillos nin aos meus netos o que eu sei, porque esta sabedoría se perde connosco. Agora xa non hai nada diso, agora todo vai polos médicos, pero hai cousas que eles descoñecen ou que a medicina non pode curar. Daquela moita xente dicía que eran cousas de meigas, mais cando tiñan algo, ben que viñan a que os curásemos. ■

## Libros



### Las Marías de Santiago de Compostela

SÁNCHEZ, Áurea: *Las Marías de Santiago de Compostela. Representación de la identidad femenina en los medios de comunicación*, Santiago de Compostela, Agrupación de Mulleres Xornalistas (AMX) de la Asociación de Periodistas de Santiago de Compostela, 2012, 193 pp.

#### NANINA SANTOS CASTROVIEJO

É interesante esta investigación de Áurea, unha colaboradora desta nosa *Andaina*, presentada en 2011 como traballo final do «Máster en Igualdad de Género en el Ámbito Público y Privado» da Universitat Jaume I de Castellón, porque aparte de analizar como contribúen á construción da identidade feminina os medios de comunicación e a publicidade en xeral, analiza o caso concreto das Marías de Santiago, Maruxa e Coralía Fandiño Ricart.

A autora, xustifica en primeiro lugar, a elección do traballo e a metodoloxía usada: feminista, tan necesaria. Entre outras razóns, porque raramente os movementos feministas logran converterse en principais fontes de información e opinión para os medios de comunicación.

O tratamento informativo que recibiron –e seguen recibindo– as mulleres, reproduce violencia contra elas. Tratamento que segue botando leña no lume da marxinação, opresión e violencia que as protagonistas do libro padeceron, non só por razón de parentesco –eran irmás de sinalados militantes da CNT–, cousa moi usada no conflito bélico de 1936, na posguerra e no franquismo, senón por ser mulleres. Así, as técnicas represivas practicadas con elas: corte de pelo, violación... O xeito de nomealas cun xenérico aplica-

ble a todas as mulleres, *As Marías*, ou co alcume *Las dos en punto*, así como un feixe de cualificacións burlonas e con afán de desprestixio, a actitude de pechalas exclusivamente no exotismo ou mesmo na provocación ou noutra orde de cousas, como atractivo turístico da cidade, desconsiderando a meirande parte das veces o principal: que as irmás Fandiño Ricart, Maruxa e Coralía, non foron tratadas como cidadás, como suxeitos con dereitos. Claro que esta terminoloxía é aplicable só desde 1976. Antes, na ditadura franquista, os dereitos, a cidadanía, eran cousas que aquí non se levaban e non tiñan práctica nin predicamento.

Ata a construción do mito, a noticia e como se constrúe, se bisba. É co discurso como se expresa a forza simbólica que emprega o patriarcado para someter ás mulleres a súa vontade. Ese discurso pertence aos varóns e expresa esa forza simbólica que coloca ás mulleres en lugar e función, *marcando* ás que sacan os pés do testro.


O discurso burlón, o caritativo, o da vitimización..., calquera deles desposúe a Maruxa e Coralía de razóns para o seu comportamento ou ignora esas razóns. Discursos que non poden ser considerados doutro xeito que armas ou ferramentas de dominio que queiren perpetuar a posición de privilexio

do xénero masculino. Encerrando, neste caso as marías –aquí si, metonimia de todas as Marías–, en cualificativos de lugar e función: «solteironas», «chicas sen preocupacións», «extravagantes», «carnaval perpetuo»..., dando voz e expresión á subxectividade masculina e á ideoloxía hexemónica.

Elas, sen embargo, como di algún dos relatores, decidiron con toda valentía, afirmarse no espazo público, na rúa, no tempo e no momento «do paseo», afirmando a súa presenza e existencia, destacándose na provocación.

Poderíamos aquí recorrer a ese valioso estudo antropolóxico de Dolores Juliano, titulado *El juego de las astucias*, pero ese é outro libro.

Áurea Sánchez en asuntos de comunicación e de como se constrúen as noticias así como as desviacións de xénero, sabe do que fala e neste traballo aplica o seu saber profesional e investigador ao caso de Maruxa e Coralía Fandiño e é ben saber que moitas das cousas que pasamos por *tradicións*, por *normais*, por *sempre se dixó isto*, estamos coando discursos antifeministas e desprezativos para coas mulleres. A mulleres concretas que é un xeito de desprezarnos un pouco a todas as marías. Quen queira comprobalo, pode ler este libro de Áurea Sánchez. ■



# anda!na

revista galega de pensamento feminista

## PUNTOS DE VENDA

### ■ A Coruña

Librería Couceiro. *Praza do Libro, 12*  
 Librería Xiada. *Avd. de Fisterra, 76-78*  
 Librería Lume. *Rúa Fernando Macías*

### ■ Pontevedra

Librería Paz. *Peregrina, 29*

### ■ Santiago

Librería Couceiro. *Praza de Cervantes, 6*  
 Baba. *Área Central*  
 Ártico. *Rúa do Vilar, 49*  
 Lila de Lilith. *Rúa Travesa, 7*

### ■ Lugo

Librería Trama. *Avd. da Coruña, 21 (galerías)*

### ■ Ourense

Livraria Torga. *Rúa da Paz, 12*

>> Blog con noticias e comentarios en:  
<http://revistandaina.wordpress.com/>

>> Busca de artigos e consulta de números anteriores en:  
<http://www.andainamulleres.org/>

PUBLICIDADE



NADA NOS INTERESA  
 MÁIS QUE O GALEGO.  
 NIGUÉN NOS INTERESA  
 MÁIS CA TI

# ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
 Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesant.org

Nome:  
 Apellidos:  
 Enderezo:  
 C.P.: Localidade:  
 Telf:

Cuota anual: 30,05 euros.  
 12,02 euros. Estudiantes e parados

Caixa/Banco  Sucursal  DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

O pasado 13 de marzo o arxentino Jorge Mario Bergoglio converteuse no papa de Roma. Os medios de comunicación, no fervor mediático que precedeu o evento, enchéronse a recordarnos que calquera cristián bautizado podía ser elixido cabeza visible da Igrexa católica. Refíranse, naturalmente, a calquera home, a calquera varón. Tras a elección, o papa Francisco non tivo que sentarse na *sella stercoraria*, unha cadeira co cu furado que até o século XVI se usou no Vaticano para demostrar a virilidade do pai da Igrexa. Segundo parece, tras cada nova elección, celebrábase un ritual no que un diácono apaalpaba os xenitais do electo mentres este permanecía paciente sentado na tal cadeira. En caso de que a observación manual fose satisfactoria, o diácono berraba: *Habet!* (referíndose a que o individuo posuía testículos). O público asistente replicaba entón entusiasmado: *Deo gratia!*

## A papisa Xoana

Tan singular costume caeu en desuso, segundo nos conta Cipriano Valera, en *Los dos tratados*, un volume publicado no ano 1588, porque os papas «demostraron ser homes nas mancebas, rameiras e putas que teñen». Bonita e sólida razón, que o escritor do XVI apuntala cunha longa listaxe de sucesores de san Pedro aos que engade o nome dos seus correspondentes fillos naturais.

Segundo parece, todo este barullo da cadeira furada e do magreo de xenitais ten que ver cunha tal Xoana, unha moza alemá, de orixe inglés que, travestida de frade, tería viaxado por toda Europa, estudado en Atenas e exercido a docencia en Roma, onde a súa sabedoría alcanzou tal sona que o pobo a aclamou por unanimidade como *pai* da Igrexa tras o pasamento do papa León IV (847-855). Seica a papisa e erudita Xoana tería gobernado a Igrexa católica durante dous ou tres anos, entre o 855 e o 857, sen que ninguén reparase na súa condición sexual. O seu nome, que por suposto non figura en ningunha das listaxes oficiais da Igrexa católica, asóciase a un triste final, segundo o cal a moza embarazada do embaixador Lamberto de Saxonia púxose de parto xusto no medio dunha procesión, entre San Xoán de Letrán e San Pedro do Vaticano. A sorprendida concurrencia lapidou a parturienta e no lugar ergueuse unha estatua de pedra que representaba a unha muller vestida de papa cun cetro na man e un neno no colo. Segundo Bieito III, para «inspirar horror ao escándalo que sucedeu nese sitio». Lutero tivo a oportunidade de ver a estatua cando visitou a cidade en 1510.



A partir daquela, as procesións evitaron o lugar e os altos cargos eclesiásticos torceron a cara e o seu percorrido cada vez que se aproximaban á estatua. Supomos que, como na actualidade, temían que as costelas de Adán, as impuras que parimos con dor, nós, esas tentacións personificadas, ocupásemos un lugar que ao seu entender, non nos corresponde.

Para saber máis:

CROSS, Donna W.: *La papisa*, Barcelona, Círculo de Lectores, 1998.

BOCCACCIO, Giovanni: *De claris mulieribus*, Madrid, Cátedra, 2010.

*La papisa Juana*, película dirixida por Michael Anderson, 1972.

*La papisa*, película dirixida por Sönke Wortmann, 2009.